DOA SC
Arqueólogos

www.doaarqueologos.com

MEMORIA TÉCNICA

Prospección arqueolóxica para a localización e delimitación de xacementos no ámbito delimitado para o P.E.P.R.I. PE Q14 "Parque Torre de Hércules"

Península da Torre de Hércules
A Coruña

Autorización SXPA: CT 102A 2023/308-0

Mª PILAR FERNÁNDEZ PINTOS, con DNI nº 33293689Q, en calidade de representante legal da empresa Desenrolo e Obras de Arqueoloxía Sociedade Civil (DOA SC), con NIF J15784408 e domicilio social en Solláns nº 16 Baixo de Teo (A Coruña),

EXPÓN:

QUE a empresa DOA SC á que representa foi requirida por parte de ALFONSO BOTANA S.L., empresa adxudicataria do "Plan Especial de Protección y Reforma Interior do PE Q14 "Parque Torre de Hércules" (A Coruña)", para encargarse dos traballos de prospección e documentación arqueolóxica para o Plan Especial en cuestión.
QUE, dentro da empresa DOA SC, designou á arqueóloga ANDREA CABALEIRO VILA, con DNI nº 15491314D, para asumir a dirección da intervención contratada.
QUE, tras presentar o preceptivo Proxecto de actuación, este foi autorizado por esa DXPC mediante Resolución de data 21.04.2023 e baixo o código CT 102A 2023/308-0.
QUE, unha vez realizados os traballos vinculados a esta intervención se remite o presente documento. Cumpre deste modo coas obrigas establecidas no punto 9 do Artigo 9º di Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunicade autónoma.
Así o asina a interesada, para que conste a todos os efectos oportunos, no lugar e data abaixo referidos.

DOA SC
Arqueólogos

Firmado digitalmente por 33293689Q MARIA DEL PILAR FERNANDEZ (R: J15784408)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0145/PUESTO 1/19325/14032023131051, serialNumber=IDCES-33293689Q, givenName=MARIA DEL PILAR, sn=FERNANDEZ PINTOS, cn=33293689Q MARIA DEL PILAR FERNANDEZ (R: J15784408), 2.5.4.97=VATES-J15784408, o=DESENROLO E OBRAS DE ARQUEOLOXIA S.C., c=ES
Fecha: 2023.12.22 11:08:40 +01'00'

Asdo.: Mª PILAR FERNÁNDEZ PINTOS
Arqueóloga – DOA SC

DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Xefatura Territorial de A Coruña

Servizo do Patrimonio Cultural

Xunta de Galicia

ANDREA CABALEIRO VILA, con DNI nº 15491314D, en calidade de arqueóloga e socia da empresa denominada Desenrolo e Obras de Arqueoloxía Sociedade Civil (DOA SC), con NIF J15784408 e domicilio social en Solláns nº 16 Baixo de Teo (A Coruña),

EXPÓN:

QUE foi designada por parte da administradora desa entidade (DOA SC) para facerse cargo dos traballos de prospección e documentación arqueolóxica sobre o ámbito abranguido polo "Plan Especial de Protección y Reforma Interior do PE Q14 "Parque Torre de Hércules" (A Coruña)".

QUE, como arqueóloga cualificada para ese traballo e dentro de DOA SC, asumía a dirección técnica da intervención contratada.

QUE, tras presentar o preceptivo Proxecto de actuación, este foi autorizado por esa DXPC mediante Resolución de data 21.04.2023 e baixo o código CT 102A 2023/308-0.

QUE, despois de executar as tarefas vinculadas á prospección autorizada, xa rematada a intervención e tendo realizado o procesado dos datos recompilados ao longo da mesma, agora

REMITE:

O presente documento, entendido como Memoria Técnica da actuación autorizada, no cal se recollen os resultados completos obtidos durante a devandita intervención. Cumpre desta forma coas obrigas de dirección establecidas no punto 9 do Artigo 9º di Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunicade autónoma.

Así o asina a interesada, para que conste a todos os efectos oportunos, no lugar e data abaixo referidos.

CABALEIRO VILA ANDREA - 15491314D

Firmado digitalmente por CABALEIRO VILA ANDREA - 15491314D
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-15491314D, givenName=ANDREA, sn=CABALEIRO VILA, cn=CABALEIRO VILA ANDREA - 15491314D
Fecha: 2023.12.22 10:24:18 +01'00'

Asdo.: ANDREA CABALEIRO VILA
Arqueóloga – DOA SC

DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Xefatura Territorial de A Coruña

Servizo do Patrimonio Cultural

Xunta de Galicia

ÍNDICE

Páx.

1. DATOS XERAIS DO PROXECTO (FICHA TÉCNICA) 1

2. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN 2
2.1. Obxecto do documento 2
2.2. Antecedentes e tramitación administrativa 2

3. ÁMBITO DE TRABALLO 4
3.1. Localización xeográfica 4
3.2. Detalles sobre o proxecto do PEPRI 5

4. CARACTERÍSTICAS DA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA 6
4.1. Obxectivos, Modalidade e Deseño 6
4.2. Programa de Traballo e Metodoloxía aplicada 8
4.3. Duración e equipo técnico executor 9

5. RESULTADOS: SUPERFICIE INTERVIDA E TRABALLOS EXECUTADOS 10
5.1. Contexto arqueolóxico e cultural: datos de partida 10
5.2. Traballos executados: detalles da prospección arqueolóxica 12
5.3. Caracterización arqueolóxica da superficie de estudio: elementos do Catálogo 18

6. RESULTADOS: DOCUMENTACIÓN ASOCIADA AO PEPRI 20
6.1. Documentación histórica do ámbito do PEPRI 20
6.2. Resumo das actuacións arqueolóxicas desenvolvidas no ámbito do PEPRI 46
6.3. Detalle sobre a delimitación de xacementos e proposta de zonificación inicial 49
6.4. Catálogo arqueolóxico do ámbito do PEPRI 53

7. CONCLUSIÓNS 63

8. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA 64

1. DATOS XERAIS DO PROXECTO (FICHA TÉCNICA)

Título:	Prospección arqueolóxica para a localización e delimitación de xacementos no ámbito delimitado para o P.E.P.R.I. PE Q14 "Parque Torre de Hércules"
Localización:	Península da Torre de Hércules A Coruña (A Coruña)
Proxecto Xeral:	Plan Especial de Protección y Reforma Interior del PE Q14 "Parque de la Torre de Hércules" Expdt. Municipal 631/2020/47
Promotor / Executor:	*CONCELLO DE A CORUÑA (proxecto xeral)* ALFONSO BOTANA S.L. (prospección arqueolóxica) Edificio CITIC, Campus de Elviña s/n 15701 A CORUÑA
Bens implicados:	Torre de Hércules, GA15030004 Gravados do Polvorín 1, GA15030005 Gravados de Punta Herminia, GA15030008 Gravados de Pena da Brúxula, GA15030019 Sistema Defensivo Península da Torre, GA15030020 Gravados da Península da Torre de Hércules 1, GA15030023 Gravados da Península da Torre de Hércules 2, GA15030026 Gravados do Polvorín 2, RE15030014
Modalidade de Intervención:	Prospección arqueolóxica de superficie
Finalidade:	Identificación e localización de xacementos e/ou lugares puntuais de interese arqueolóxico Actualización dos datos da catalogación existente Delimitación de zona e ámbito de protección deses bens en base á información obtida no traballo de campo
Arqueóloga directora:	Andrea Cabaleiro Vila
Expediente DXPC:	---
Código SXPA:	CT 102A 2023/308-0
Datas de execución:	Novembro-Decembro 2023

2. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN

2.1. Obxecto do documento

Elabórase o presente documento a modo de memoria Técnica para ser remitida ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), coa finalidade de cumprir coas obrigas establecidas na lexislación sectorial vixente (Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma) e en relación coa actuación arqueolóxica autorizada no seu día.

A intervención descrita nesta memoria é a prospección arqueolóxica de superficie sobre o ámbito espacial deseñado para o *Plan Especial de Protección y Reforma Interior del PE Q14 "Parque Torre de Hércules"*, dentro do concello de A Coruña e segundo o disposto no seu PXOM, unha vez que a devandita intervención se deu por finalizada.

Está redactado por Andrea Cabaleiro Vila, arqueóloga da empresa DOA SC e a estes efectos directora da intervención.

Os traballos foron contratados por ALFONSO BOTANA S.L., empresa adxudicataria da redacción do PEPRI e a estes efectos promotora da presente intervención.

2.2. Antecedentes e tramitación administrativa

O Plan Especial de Protección e Reforma Interior do PE Q14 "Parque da Torre de Hércules" (PEPRI) é un instrumento de planeamento xa contemplado no PXOM de A Coruña, aprobado definitivamente por Orde da Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 25 de febreiro de 2013 (DOG 08.03.2013).

A necesidade de que dito ámbito se atope ordenado mediante un plan especial de protección queda tamén incluída na declaración do Conxunto Histórico-Artístico da Cidade Vella de A Coruña, aprobada por Decreto 29/1984, do 9 de marzo da Xunta de Galicia (DOG nº 55 do 22 de marzo). Recolle o conxunto histórico a delimitación de respecto do conxunto da Torre de Hércules e contorno inmediato.

Adicionalmente, mediante Decisión 33 COM 8B.27 do World Heritage Committe da UNESCO, adoptada en Sevilla o 20 de xullo de 2009, incluíuse a Torre de Hércules como ben integrante do listado do Patrimonio da Humanidade. A inclusión da Torre de Hércules na citada lista obriga ao Estado membro posuínte do ben a dar conta ao organismo ICOMOS de todas as actuacións que poidan incidir sobre o elemento protexido e que poidan afectar á declaración.

Finalmente, no ano 2019, mediante a Orde do 27 de decembro e ao amparo da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declarouse de maneira provisional ao espazo denominado Torre de Hércules como espazo natural de interese local (ENIL). Dita declaración provisional ten como requisito imprescindible a presentación por parte do consistorio dun plan de conservación deste espazo, para acadar a correspondente declaración definitiva.

Con tal obxectivo, redactábase o Prego de condicións técnicas para a contratación da asistencia técnica para a redacción do PEPRI (expediente EXC-8/20; 631/202/47). Indicábase no mesmo documento (punto 1.3.) o ámbito a abarcar polo novo plan espacial:

> *"Entre las previsiones del plan general, en cumplimiento con los condicionantes relatados en el punto primero, está la delimitación de un ámbito de plan especial, el PE Q14 'Parque Torre de Hércules', coincidente con la delimitación de la Zona de respecto del Perímetro Morado del Conjunto Histórico Artístico de A Coruña y Zona Buffer, para la protección de la Torre de Hércules."*

Nesa mesma documentación, o apartado catro (documentación a presentar) indicaba a necesidade de realizar unha prospección arqueolóxica, tal e como agora se extracta:

> *"(...)*
> *Previamente a la redacción de estos documentos y dentro de la fase de recopilación y elaboración de la información urbanística, el/la arqueólogo/a del equipo redactor deberá realizar la prospección arqueológica intensiva del área, previa autorización de la Dirección General de Patrimonio de la Xunta de Galicia."*

Con estes requirimentos, determinábase a necesidade de executar unha prospección arqueolóxica sobre a superficie definida para o PEPRI, supondo tal feito a redacción do pertinente proxecto arqueolóxico para por en práctica esa modalidade de intervención.

Quedaba este documento finalizado en data 17.02.2023, sendo presentado ante a DXPC por parte do concello de A Coruña na xornada do 15.03.2023.

Con data 21.04.2023 o xefe do Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Coruña, Severino Álvarez Monteserín, asinaba a resolución pola que se concedía a autorización para poñer en práctica os traballos descritos no proxecto de prospección arqueolóxica presentado.

Envíase esta Resolución ás partes interesadas (incluíndo á arqueóloga directora) con data 24.04.2023 (CVE: V6BuENHZYJL6). Indícase na mesma que o código asignado á intervención é o CT 102A 2023/308-0.

Contando xa coa autorización para levar a cabo a intervención arqueolóxica, executábanse os traballos específicos de campo (prospección arqueolóxica superficial), sendo os resultados e elaboración das referencias obtidas durante tales tarefas os compoñentes principais do actual documento.

3. ÁMBITO DE TRABALLO

3.1. Localización xeográfica

O marco xeográfico onde se realizaron os traballos obxecto deste documento sitúase no extremo NO da comunidade autónoma, así como no terzo NO da provincia de A Coruña, dentro dos límites definidos para o concello homónimo.

Queda delimitado A Coruña polos municipios de Oleiros (L), Culleredo (SL-S) e Arteixo (S-O), mentres que o resto das súas lindes quedan bañadas polo océano atlántico.



Localización xenérica da intervención dentro do marco autonómico e municipal

Dentro do municipio de A Coruña, a actuación quedou localizada no seu extremo N, no ámbito nomeado como península da Torre e dentro da delimitación establecida para o PEPRI PE Q14 "Parque da Torre de Hércules". Recolle esta área toda a liña de costa do extremo setentrional do concello de A Coruña, na que se distribúen as paraxes da enseada de San Amaro, punta de Adormideiras, punta Pragueira, punta Herminia, punta Robaleira, furna dos Touciños, punta Eiras e punta do Orzán. O límite meridional de tal demarcación queda cinguida de maneira xeral polo Paseo Marítimo da Coruña, a ronda de Monte Alto, e a rúa Regata Cutty Sark.



Situación da zona de actuación (polígono laranxa) no contexto parroquial (esquerda) e no marco local (dereita)

3.2. Detalles sobre o PEPRI PE Q14 "Parque Torre de Hércules"

A formulación do PEPRI Q14 constitúe unha determinación do PXOM de A Coruña, aprobado definitivamente por Orde de 25 de febreiro de 2013 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG do 8 de marzo de 2013, con publicación de normativa e ordenanzas no BOP do 9 de xullo de 2013), denominado Plan Especial Parque Torre de Hércules (PE Q14). O seu obxectivo é establecer as condicións de protección da Torre de Hércules e o seu entorno, así como a ordenación de todas as intervencións no marco da declaración do monumento como Patrimonio Mundial da UNESCO e a declaración do Conxunto Histórico Artístico de A Coruña.

Así, o PEPRI que agora se está a redactar, da resposta á ordenación dun ámbito que abarca unha superficie de 7,56 ha. Tamén responde este plan ás exixencias da Lei de Patrimonio Cultural sobre o deber de elaborar plans especiais para os cascos históricos e á declaración outorgada polo ICOMOS ao edificio da Torre. Con tal fin, a delimitación do PEPRI corresponde coa parte do territorio do concello de A Coruña máis vinculada fisicamente ao enclave físico da Torre de Hércules (a denominada como zona core), e inclúe ao mesmo tempo todo o entorno inmediato de protección do monumento (zona buffer).

Con tales obxectivos, a proposta actual para a ordenación dos usos do solo no ámbito sinalado queda recollido na seguinte figura (suxeita a posibles modificacións).

Proposta actual para a ordenación do solo do ámbito do PEPRI (suxeita a posibles modificacións)

En atención a estas especificacións, foi a delimitación establecida para o PEPRI (7,56 ha) a que marcou o ámbito espacial da actuación arqueolóxica en campo, sendo ao mesmo tempo a área sobre a que se establecen as determinacións necesarias en canto á protección do patrimonio arqueolóxico. Neste senso, é a actual proposta de ordenación do solo a empregada para bosquexar unha zonificación arqueolóxica, tal e como se recolle nos capítulos finais deste documento.

4. CARACTERÍSTICAS DA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA

4.1. Obxectivos, Modalidade e Deseño da intervención

O obxectivo da intervención era o de levar a cabo os estudios arqueolóxicos sobre o territorio comprendido dentro da delimitación prevista para o PEPRI PE Q14 "Parque Torre de Hércules", dentro do concello de A Coruña, sendo esta unha actuación complementaria á documentación que a empresa ALFONSO BOTANA S.L. está redactando para tal ordenación.

A modalidade da actuación arqueolóxica desempeñada baseouse nun estudio específico sobre a referida superficie, abarcando as áreas ocupadas polos bens arqueolóxicos coñecidos e zonas adicionais onde puideran existir novos indicios desta natureza. Encadrábase este tipo de actuación dentro da categoría de prospección arqueolóxica de superficie, modelo de traballo que a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (5/2016, de 16 de maio) que o define (artigo 95-a) do seguinte xeito:

> *"entendida como a exploración superficial e sistemática sen remoción de terras, tanto terrestre como subacuática, dirixida ao estudio e investigación para a detección de restos históricos, así como dos compoñentes ambientais relacionados con estes. A prospección abarca a observación e o recoñecemento sistemático de superficie e tamén a aplicación das técnicas que a arqueoloxía recoñece como válidas".*

Polo que respecta ao deseño da actuación, o primeiro paso baseouse en definir o ámbito espacial completo que esta debía abarcar, que no caso que nos ocupa estaba xa determinado pola delimitación establecida para o PEPRI e ámbitos limítrofes. Así, esta superficie abrangueu un total de 7,56 ha.

A liña laranxa descontinua marco o ámbito espacial sobre o que foi despregada a actuación. Os puntos maxenta e vermello marcan os elementos culturais catalogados inicialmente dentro dese espazo

A intervención estivo rexida pola localización e identificación de cada un dos bens arqueolóxicos presentes dentro dese ámbito de actuación, así como pola delimitación máis precisa posible dos seus espazos inmediatos e relacionables. A base documental empregada para a elaboración do proxecto de actuación e da que se partía para a execución dos traballos de campo incluía cinco bens coñecidos, aos que puideron ser engadidos dous elementos máis. As tarefas despregadas durante a actuación para lograr os seus obxectivos poden dividirse nas seguintes tácticas, entendidas como variedades de intervención xenéricas:

Actuacións sobre elementos arqueolóxicos coñecidos. Supuxo o groso da intervención arqueolóxica en campo, quedando centrada sobre os sete bens catalogados/censados. Os traballos despregados permiten a súa localización en detalle na cartografía específica, a recollida de datos actualizados (características, estado de conservacións, indicios visibles,...) e a súa delimitación xeográfica. O obxectivo desta modalidade foi agrupar a maior cantidade de información posible sobre cada ben, de cara ás propostas de protección que se consideran máis axustadas para a súa preservación futura.

Localización de posibles novos elementos. O procedemento a seguir neste caso implicou unha serie de actuacións previas á revisión en campo: busca de referencias bibliográficas e documentais, consultas en arquivos e órganos da DXPC, revisión da micro toponimia e análise de planimetría a micro escala. O obxectivo destas tarefas de investigación foi completar a información sobre os bens coñecidos, así como tentar buscar espazos ou zonas puntais de interese arqueolóxico, para desenvolver neles unha completa prospección de superficie.

O despregue das referidas técnicas permite contar con datos actualizados sobre os diferentes bens que engrosan o Catálogo Cultural, co fin de que presente unha axeitada adaptación á realidade actual deses elementos e o seu contorno.

Ademais de levar a cabo as actualizacións de referencias, a intervención arqueolóxica executada permite realizar unha localización dos ben na cartografía de detalle prevista no PEPRI, coa súa delimitación e o establecemento dos rangos de protección que se consideren máis axustados aos atributos de cada elemento (aínda en fase de borrador). Con elo, poderá conxugarse a súa preservación cos distintos usos do solo que se prevén estipular dentro do Plan.

4.2. Programa de traballo e metodoloxía aplicada

Expóñense de seguido as características de cada unha das distintas etapas que compoñen a intervención arqueolóxica desenvolvida. A orde desta exposición é a mesma que xa figuraba no proxecto de actuación autorizado: planificación e proxecto (I), traballo de campo (II) e valoración de resultados e memoria (III), e que responde igualmente á propia evolución secuencial das actividades desempeñadas.

Fase I: Planificación. Esta primeira etapa tiña como principal obxectivo a preparación de todos aqueles referentes que se facían precisos para o axeitado cumprimento do traballo de campo. Destácanse aquí as principais tarefas executadas con tal propósito.

I.a. Preparación de cartografía: para a contextualización xeral do ámbito de traballo empregáronse planimetrías de amplo espectro, con preferencia pola escala 1:25000 facilitada polo I.G.N. Para o traballo directo en campo preparáronse cartografías de maior detalle, necesarias para localizar de maneira precisa a área e elementos a investigar. Nesta ocasión foron manexadas tanto a documentación planimétrica do proxecto técnico facilitado pola promotora como a cartografía recente publicada (BTG2020, serie PNOA, Catastro Virtual, MDT-Lídar), engadíndolles ademais referencias de recompilación propia.

I.b. Investigación bibliográfica: obras xerais e de divulgación foron as fontes de consulta básica coas que obter unha primeira caracterización sobre o ámbito xeográfico de traballo. De forma máis concreta para a zona de intervención foron realizadas as pertinentes consultas sobre o catálogo de bens patrimoniais realizado para o PXOM de A Coruña, Plan Básico Autonómico, delimitacións de xacementos recollidas no Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta e documentación adicional proporcionada polo concello de A Coruña (servicio web: coruna.gal). Os resultados destas tarefas quedan expostos nun capítulo posterior do presente documento.

I.c. Consulta das fichas históricas de Xacementos: a consulta e baleirado dos datos que actualmente se coñecen sobre cada un dos elementos arqueolóxicos presentes no ámbito revelábase como primordial e básica para a correcta realización dos posteriores traballos en campo. Ademais, posto que a investigación arqueolóxica está en constante evolución e dá lugar á localización progresiva de novos xacementos, era necesario comprobar se na zona de estudio se dera esta casuística. Esta foi unha das primeiras etapas a desenvolver na fase preparatoria - fase intermedia entre a presentación do proxecto e o inicio dos traballos de campo-, acudíndose para iso ó Servizo de Arqueoloxía da DXPC así como á oficina técnica municipal. Tales consultas permitían a incorporación de dous novos bens á base documental inicial (composta por cinco elementos), así como a actualización dos datos sobre algúns dos bens coñecidos.

I.d. Revisión de expedientes arqueolóxicos: tal consulta quedou inicialmente centrada no Arquivo Histórico de Galicia, estendéndose posteriormente ó Servizo de Arqueoloxía da DXPC e Xefatura territorial. O seu fin principal era ter unha visión máis xeral da nosa zona de actuación no que respecta ao eido arqueolóxico, identificando aquelas zonas con maior potencial no que á presencia de restos no subsolo se refire, tanto vinculados ós elementos catalogados como a calquera outro novo ben. Tales consultas e os seus resultados quedan recollidos nun apartado posterior deste documento, podendo avanzarse que non supuxeron o engadido de novos bens.

I.d. Análise toponímica: esta actividade, entendida como a busca concreta de termos susceptibles de conter un significado arqueolóxico e/ou cultural foi desenvolvida a partir das distintas cartografías manexadas, prestando especial atención a aquelas

de menor escala. Os resultados desta primeira actuación non ofrecían denominación algunha destacable. Realizouse posteriormente a revisión sobre a micro toponimia catastral publicada (sede virtual do Catastro), con resultados similares.

Fase II: Intervención. Os traballos de prospección arqueolóxica das superficies detalladas deron comezo unha ver recibido o pertinente permiso por parte da administración, coa preceptiva comunicación á mesma do inicio da actividade. A duración, datas e demais aspectos relacionados reflíctense nun apartado posterior deste documento (4.3). Os traballos arqueolóxicos de campo focalizáronse na localización de todos aqueles bens arqueolóxicos situados dentro do ámbito do PEPRI. Tales elementos son os integrantes do Catálogo Cultural confeccionado na presente intervención, segundo se mostra en capítulos posteriores desta memoria.

Tal e como xa se expoñía no proxecto arqueolóxico autorizado, a modalidade de prospección que se propoñía era a extensiva, aínda que se prevía a posibilidade de despregar a práctica intensiva no caso de identificarse xacementos con delimitación incerta, posibles novos vestixios e/ou para a comprobación de datos toponímicos. Neste caso, non foi preciso o despregue da táctica intensiva en atención ás propias características do ámbito de estudio. Así, os procedementos despregados durante a fase de intervención en campo sobre cada un dos bens son os seguintes:

II.a. Identificación e delimitación de xacementos: a primeira fase despregada en cada un dos bens identificados foi a verificación da súa localización, realizando as correspondentes actualizacións nos casos que se consideraron oportunos. Corroborada a posición de cada un dos bens presentes dentro do ámbito de estudio, delimitouse de forma individualizada o seu contorno visible, co fin de realizar unha actualización dos datos de partida naqueles bens que así o precisan. Esta delimitación executouse con métodos de xeorreferenciación espacial (sistema de coordenadas ETRS89 29N).

II.b. Actualización de datos descritivos: corroborada e delimitada a posición de cada elemento, procedeuse á súa exploración visual, coa finalidade de rexistrar o seu estado actual. A base para esta fase da actuación en campo foron as descricións extraídas das distintas fontes consultadas na fase previa. A partir desta información, efectuáronse as actualizacións precisas en canto a datos descritivos, estado de conservación, relación con outros elementos culturais,...

Fase III: Valoración de Resultados. Iniciábase esta etapa tras ter rematado os traballos de campo. Nela procésanse os resultados obtidos nas fases posteriores, levando a cabo as tarefas necesarias para cumprir cos obxectivos marcados para o conxunto da intervención. Os principais procedementos seguidos son os que agora se detallan:

III.a. Traspaso dos resultados de campo ao material cartográfico seleccionado: a delimitación de cada xacemento queda agora reflectida na cartografía BTG así como na planimetría propia usada para o PEPRI.

III.b. Trasvase da información recompilada: os datos saídos da intervención en campo, e que quedaban nun inicio recollidos nas Fichas de Campo, foron trasladados ás correspondentes bases de datos para a súa incorporación á presente memoria.

III.c. Procesamento e escolma do material fotográfico: emprégase como complemento visual da información escrita recompilada, unha vez realizada unha axeitada selección do groso do álbum recompilado.

III.d. Redacción final do correspondente Catálogo: os datos de rexistro, referencias e demais documentación obtida serven de base para o axeitado asesoramento sobre as delimitacións e graos de protección a aplicar no plan urbanístico. Posto que nestes momentos a redacción do PEPRI aínda se atopa nunha fase inicial de borrador, a información contida nesta Memoria queda centrada na elaboración do correspondente Catálogo e na proposta inicial de zonificación de protección arqueolóxica. Así, será nun documento posterior, entendido como Anexo á Memoria, na que quedarán especificadas as Normas de Protección e os seus ámbitos de protección definitivos para os elementos arqueolóxicos agora rexistrados.

A presente memoria recompila as circunstancias agora explicadas, quedando recollidos nela os detalles da actuación arqueolóxica en campo así como a correspondente documentación do Catálogo Cultural. Polo tanto, quedarán especificadas nun Anexo a este documento todas aquelas cuestións vinculadas ó establecemento de graos de protección así como á súa normativa asociada.

4.3. Duración da intervención e Equipo técnico executor

Contando coa autorización administrativa para o proxecto presentado, arrincaba a fase de traballo de campo correspondente (prospección superficial), a cal foi executada nas tres xornadas previstas no proxecto de referencia. Estas xornadas foron desenvolvidas en base á acumulación de horas entre os días 28 de novembro e o 13 de decembro de 2023.

Iniciábase así a actuación en campo o día 28.11.2023, circunstancia que foi debidamente comunicada ante a DXPC (en atención ás obrigas establecidas no Decreto regulador da actividade). A devandita comunicación foi remitida o 29.11.2023 a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia e empregando para elo o modelo de solicitude xenérica (PR004A). O xustificante da presentación ten o número de entrada 2023/3165624 e CVE 329c22d5-60ef-355d-b7f3-8ea3626b0144.

A comunicación do remate da intervención arqueolóxica en campo foi realizada mediante o mesmo método en data 21.12.203. O xustificante de presentación ten o número de entrada 2023/3346710 e CVE 394266fe-d73d-344b-a150-c7c0404a86e6.

O equipo encargado do desenvolvemento dos traballos expostos neste documento estivo conformado polas dúas arqueólogas previstas, das que unha asumía as funcións e responsabilidades da dirección, mentres que a segunda actuaba como apoio nas tarefas de prospección en campo e elaboración de textos da presente memoria.

Así, o equipo técnico participante na presente intervención queda formado polas seguintes integrantes, coa división de tarefas que se recolle na táboa:

	INTEGRANTE 1	**INTEGRANTE 2**
Nome:	Andrea Cabaleiro Vila	Mª Pilar Fernández Pintos
Categoría profesional:	Arqueóloga	Arqueóloga
Fases de traballo:	I – II- III	II – III
Funcións asumidas:	Dirección	Corpo técnico

5. RESULTADOS: SUPERFICIE INTERVIDA E TRABALLOS EXECUTADOS

Recollen cada un dos apartados que compoñen o presente capítulo un aspecto concreto da investigación en campo efectuada para a presente intervención. Así, preséntase en primeiro lugar o contexto cultural da zona de estudio, segundo os datos de partida saídos da investigación previa, pasando despois a describir a superficie traballada na prospección en campo. Remátase coa relación de elementos que engrosan o Catálogo Cultural do PEPRI, cuxas fichas individualizadas quedan recollidas no seguinte capítulo.

5.1. Contexto arqueolóxico: datos de partida

Na fase inicial da intervención leváronse a cabo as consultas pertinentes no relativo ao patrimonio arqueolóxico, co obxectivo de confeccionar a base sobre a que desenvolver o traballo posterior de campo.

Tales consultas baseáronse inicialmente nos datos sobre os bens do patrimonio cultural que aparecen recollidos nas distintas fontes oficiais publicadas: PXOM de A Coruña[1], PE Península da Torre[2] e Plan Básico Autonómico (PBA)[3]. Compleméntanse estas referencias coas que figuran no Visor de Aproveitamentos Forestais de Galicia[4].



Elementos do patrimonio cultural catalogados dentro do ámbito de actuación segundo PXOM e PBA (puntos maxenta e vermello). O Visor de Aproveitamentos Forestais non recolle novos datos sobre o contexto cultural da zona

[1] *O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña conta con aprobación definitiva dende o 25.02.2013, sendo publicado no DOG de 08.03.2013. A Normativa figura no BOP de 09.07.2013. Inclúe catálogo específico para os bens do patrimonio cultural, con fichas que recollen de forma individual os datos descritivos para cada elemento, así como delimitacións específicas de protección.*

[2] *O Concello de A Coruña conta cun Plan Especial sobre o ámbito da península da Torre, desenvolto no ano 1997. A normativa figura no BOP de 07.04.1997. A ordenación recollida nesta documentación queda obsoleta coa publicación do PXOM vixente. Inclúe catálogo específico para os bens do patrimonio cultural, con fichas individualizadas para cada un dos elementos. Estes datos xa se atopan moi superados*

[3] *O Plan Básico Autonómico (PBA) foi aprobado por Decreto 83/2018, de 26 de xullo, sendo publicado no DOG nº 162 de 27.08.18. Tal e como se describe nas súas disposicións xerais, será de aplicación nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal ao tempo que terá carácter complementario do ordenamento municipal en aqueles concellos que dispoñan del. Foi actualizado en 2022, por resolución do 15.12.2022 da DXOTU (DOG 22.12.2022).*

[4] *O Visor de Aproveitamentos Forestais está publicado pola Xunta de Galicia e, ademais de representar todos os elementos do patrimonio cultural que xa figuran no PBA, reflicte as delimitacións específicas dos xacementos arqueolóxicos saídas dos traballos de xeolocalización realizados en datas recentes. Aparecen tamén nesta fonte varios elementos arqueolóxicos (clasificados como censados) que non recolle aínda o PBA.*

Quedaban identificados no conxunto das citadas fontes de consulta iniciais un total de 4 elementos de natureza cultural: 3 arqueolóxicos e 1 arquitectónico[5]. A revisión do catálogo do PXOM permitía incluír un elemento a maiores (de índole arqueolóxica), o cal non conta con identificación planimétrica alguna. Trátase do sistema defensivo da Península da Torre (GA15030020).

Así, a listaxe inicial de elementos arqueolóxicos emprazados dentro do ámbito de estudio, xunto cos datos básicos de identificación, quedaba engrosada polos seguintes bens:

CÓDIGO IPAGA	CÓDIGO PXOM	CÓDIGO PBA/BIC	NOME	LUGAR	CONCELLO	CATEGORÍA	TIPOLOXÍA
GA15030004	*TH*	*BIC.000.020*	*Torre de Hércules*	*Península da Torre*	*A Coruña*	*Monumento/Arqueoloxía*	*Arquitectura Civil*
GA15030005	*005*	*40016896*	*Petróglifo do Polvorín*	*Museo Arqueolóxico*	*A Coruña*	*Arqueoloxía*	*Gravado rupestre*
GA15030008	*008*	*--*	*Petróglifo de Punta Herminia*	*Punta Herminia/Monte dos Bicos*	*A Coruña*	*Arqueoloxía*	*Gravado rupestre*
GA15030019	*004*	*--*	*Petróglifo da Brúxula*	*Punta Herminia*	*A Coruña*	*Arqueoloxía*	*Gravado rupestre*
GA15030020	*007*	*--*	*Sistema Defensivo Península da Torre*	*Península da Torre*	*A Coruña*	*Arqueoloxía*	*Arquitectura militar*

Elementos que compoñían a listaxe inicial da actuación, segundo posición do PBA20

As investigación documentais executadas, as cales quedan especificadas de xeito pormenorizado no seguinte capítulo de resultados (apartado 6.1), permitían identificar a maiores dous bens arqueolóxicos dos recollidos nas fontes oficiais consultadas para o noso ámbito de interese. Para a súa identificación foi clave a información facilitada dende a DXPC (fichas históricas de inventario), así como a documentación facilitada dende a oficina técnica municipal do concello de A Coruña.

Así, ós cinco bens inicialmente identificados engadíanselle un novo xacemento e unha referencia, co que a listaxe de bens emprazados dentro do ámbito do PEPRI quedaba composta polos seguintes elementos:

[5] *Os bens de natura arquitectónica ou etnográfica exclúense da presente intervención, posto que son obxecto de estudo independente a desenvolver pola empresa adxudicataria.*

CÓDIGO IPAGA	NOME	LUGAR	CONCELLO	CATEGORÍA	TIPOLOXÍA
GA15030004	Torre de Hércules	Península da Torre	A Coruña	Monumento/Arqueoloxía	Arquitectura Civil
GA15030005	Petróglifo do Polvorín 1	Museo Arqueolóxico	A Coruña	Arqueoloxía	Gravado rupestre
GA15030008	Petróglifo de Punta Herminia	Punta Herminia/Monte dos Bicos	A Coruña	Arqueoloxía	Gravado rupestre
GA15030019	Petróglifo da Brúxula	Punta Herminia	A Coruña	Arqueoloxía	Gravado rupestre
GA15030020	Sistema Defensivo Península da Torre	Península da Torre	A Coruña	Arqueoloxía	Arquitectura militar
GA15030023	Petróglifos da Península da Torre de Hércules	Península da Torre	A Coruña	Arqueoloxía	Gravado rupestre
RE15030014	Petróglifo do Polvorín 2	Desaparecido		Arqueoloxía	Gravado rupestre



Localización da totalidade de bens emprazados no ámbito do PEPRI (agás sistema defensivo), identificados a raíz da fase de estudo en gabinete

Con tal información daba inicio a fase da actuación en campo, cuxos obxectivos eran verificar a posición, características e estado de cada un dos elementos da lista, así como verificar que non existisen ben arqueolóxicos a maiores dos coñecidos.

5.2. Traballos executados: detalles da prospección arqueolóxica

Tal e como se avanzaba en apartados anteriores, a actuación arqueolóxica supuxo a combinación das tácticas prospectoras xunta á investigación documental, feito este último que propiciou a incorporación de dous novos elementos ao Catálogo Arqueolóxico.

Posto que tal análise documental queda recollida no posterior capítulo de resultados (apartado 6.1), dada a súa inclusión dentro da propia documentación do PEPRI, expóñense neste apartado as características da investigación en campo.

Quedou esta centrada nunha superficie de 7,56 ha, sendo esta coincidente co propio ámbito delimitado para o PEPRI PE Q14 "Parque da Torre de Hércules". As características do terreo investigado, sobre todo no que a modificacións e usos de solo se refire, condicionaron en gran medida non só o desenvolvemento da actividade prospectora, senón tamén a mesma potencialidade cultural da zona.

Unha simple revisión da fotografía aérea da península da Torre permite identificar dúas áreas perfectamente diferenciadas dentro do noso ámbito de interese. O extremo NNO e L da península queda ocupado por amplas zonas verdes, onde se diseminan ademais diferentes elementos ornamentais e equipamentos de lecer, sendo aquí onde quedan localizados a maior parte dos elementos arqueolóxicos coñecidos. Pola contra, a banda meridional da superficie a investigar reflexa a propia evolución urbanística da cidade, con zonas profundamente alteradas pola construción de edificacións de diversa índole e espazos deportivos.
O extracto planimétrico e as tomas fotográficas que se recollen a continuación pretenden reflectir a realidade agora exposta.

Localización das tomas fotográficas incorporadas nas seguintes páxinas, onde se reflicte de maneira xeral a realidade física do ámbito de estudio

Fotografía 1. Vista xeral da área ao LNL da Torre de Hércules, ocupada polo propio acceso á Torre e espazos verdes. Imaxe realizada dende OSO

Fotografía 2. Vista xeral da liña de costa setentrional da península da Torre de Hércules. Imaxe tomada dende NO

Fotografía 3. Vista xeral de punta Eiras coa Torre de Hércules coroando o pequeno outeiro localizado nesta paraxe. Imaxe tomada dende L

Fotografía 4. Imaxe do espazo verde situado ao pé da Torre de Hércules, coas instalacións deportivas da banda meridional do PEPRI ao fondo. Fotografía realizada dende NNL

Fotografía 5. Vista xeral con punta Herminia ao fondo. Toda esta banda setentrional da península da Torre está ocupada por zonas verdes con diversas sendas que bordean a liña costeira. Imaxe tomada dende SSO

Fotografía 6. Panorámica realizada dende Punta Herminia, a cal ademais de con espazos verdes conta con diversos equipamentos de lecer. Imaxe realizada dende NNL

Fotografía 7. Imaxe realizada dende o extremo S de Punta Herminia. A prospección sobre os espazos axardinados non proporcionou datos sobre novos bens arqueolóxicos en toda a área. Fotografía tomada dende N

Fotografías 8-9. Revisión da punta de Pragueira. O único elemento estrutural detectado é o denominado cemiterio moro. No que atinxe a restos da batería de Pradeiras (elemento do sistema defensivo da península da Torre), non foron identificados vestixios en superficie algúns. Imaxes realizadas dende NO e NNL

Fotografía 10. Revisión da posible área pola que se distribuirían parte das estruturas da batería de Pradeiras. Os resultados foron negativos no que á identificación de vestixios do elemento se refire. Os diversos muros semellan corresponder coa ornamentación da zona. Imaxe tomada dende NNL

Fotografías 11-12. Revisión da punta de Adormideras, onde se situaría a batería do mesmo nome (elemento do sistema defensivo da península da Torre). Como se pode comprobar, toda a topografía da zona se atopa profundamente alterada por diferentes procesos urbanísticos, polo que semella que non quedarían restos no subsolo vinculados a esa edificación. Imaxes realizadas dende N e L



Fotografía 13. Vista xeral da enseada de San Amaro, a cal corresponde coa antiga localización do castelo de San Amaro (elemento do sistema defensivo da península da Torre). Tal emprazamento tamén carece da súa topografía orixinal. Fotografía realizada dende LNL

Fotografía 14. Entorno da enseada de San Amaro, no que se detectan restos de estruturas de adscrición contemporánea. Imaxe realizada dende NL

Fotografía 15. Revisión das escasas áreas libres que se atopan na banda meridional do ámbito do PEPRI. Os esforzos prospectores nestas zonas non deron resultados positivos no que á identificación de novos bens se refire. Panorámica realizada dende S

Fotografía 16. Panorámica da área S de Monte Alto. Ademais de polos procesos urbanísticos a zona xa non conserva a súa topografía orixinal dado o seu emprego como canteira. Imaxe tomada dende L

Fotografía 17. Panorámica do que se entende como oco de explotación da antiga canteira de Monte Alto, hoxe en día ocupada por diversas edificacións. Imaxe realizada dende OSO

Fotografía 18. Revisión do saínte de mar ao S da punta do Orzán, sendo este o posible antigo emprazamento da batería de Orzán (sistema defensivo península da Torre). Hoxe en día esta área está ocupada polo aparcadoiro do Aquarium Finisterrae. Panorámica tomada dende S

Fotografía 19. Panorámica das edificacións que actualmente ocupan a área máis ao N de Monte Alto, onde queda constatada a súa profunda transformación. Imaxe realizada dende NNO

Fotografía 21. Estado actual da Punta do Orzán co establecemento sobre a mesma do acuario da Coruña. Imaxe realizada dende SL

Fotografía 22. Vista xeral da área axardinada ao S da Torre de Hércules. Imaxe tomada dende S

Todos os factores aquí descritos, e que se mostran nas tomas fotográficas aportadas, influíron directamente no desenvolvemento da exploración arqueolóxica.

Con tales circunstancias, os maiores esforzos da prospección quedaron centrados nas denominadas zonas verdes que bordean a propia Torre de Hércules, por ser a área que presentaba mellores condicións para albergar posibles elementos arqueolóxicos a maiores dos coñecidos. Pese a tal planteamento inicial, a revisión deste ámbito non permitiu identificar novos bens. Ademais, tampouco se detectaron vestixios vinculados a aqueles elementos dos que xa se tiña noticias de carecer de restos estruturais en superficie (sistema defensivo da península da Torre).

Na banda meridional, a actividade prospectora quedou centrada na revisión daquelas zonas puntuais que aínda conservan a súa topografía orixinal. A súa vez, tamén se dirixía a prospección a documentar graficamente o estado desas áreas profundamente modificadas, co fin de dar unha visión de conxunto do ámbito de estudio. Os datos saídos da revisión volven ser negativos no que á identificación de novos bens arqueolóxicos se refire. Porén, puido verificarse que boa parte desta banda meridional presenta unha topografía totalmente modificada. Tal feito é un claro indicio de que tales áreas poderían non albergar restos no subsolo vinculados a aqueles bens coñecidos que carecen de elementos estruturais en superficie.

5.3. Caracterización arqueolóxica da superficie de estudio: elementos do Catálogo

Todos os procedementos de traballo que se detallan neste documento (algúns deles recollidos no seguinte capítulo), permiten establecer o Catálogo Arqueolóxico do ámbito abarcado para o PEPRI. Queda este conformado por un total de 8 elementos, sete xacementos e unha referencia.

A incorporación de un elemento a maiores dos que quedaban inicialmente indicados na base para o desenvolvemento da actividade prospectora en campo non se debe á localización de un novo ben. Tal incorporación débese á separación dos dous paneis que inicialmente quedaban recollidos baixo o GA15030023, petróglifos da península da Torre de Hércules. A revisión en campo, permite constatar que ambos paneis se atopan a unha considerable distancia entre si (110 m), así como que os seus motivos non gardan vinculación algunha. Con tales circunstancias, e tras acordar tal medida co técnico da xefatura territorial, solicitouse unha nova codificación quedando agora estes elementos identificados como gravados históricos da península da Torre de Hércules 1 e 2, GA15030023 e GA15030026.

O outro cambio executado con respecto á información inicial da que dispoñíamos céntrase na denominación dos agora chamados petróglifos. Posto que todas esas insculturas teñen un encadre cronolóxico que non se pode remontar máis alá da idade media (ou incluso idade moderna), a súa denominación trocase de petróglifos a gravados históricos (cambio tamén acordado co técnico da xefatura territorial), por ser esta máis acorde coa propia natureza destes elementos.

Recóllese a continuación a listaxe definitiva dos bens que integran o catálogo arqueolóxico da intervención, cos seus datos básicos de identificación:

CÓDIGO	NOME	LOCALIZACIÓN	ADS. CULTURAL	ADS. TIPOLÓXICA	UTM (ETRS89)
GA15030004 / BIC.000.020	Torre de Hércules	Península da Torre	Romana	Obra ou edificio público, sinal marítima	548.070 / 4.803.845
GA15030005	Gravado histórico do Polvorín 1	Museo Arqueolóxico	Medieval / Moderna	Lugar con representación gráfica, gravado histórico	548.061 / 4.803.325
GA15030008	Gravado histórico de Punta Herminia / O Altar / Monte dos Bicos	Península da Torre	Medieval / Moderna	Lugar con representación gráfica, gravado histórico	548.061 / 4.803.325
GA15030019	Gravado histórico de Pena da Brúxula	Península da Torre	Medieval / Moderna	Lugar con representación gráfica, gravado histórico	548.697 / 4.804.035
GA15030020	Sistema defensivo da Península da Torre	Península da Torre	Moderna	Asentamento fortificado, outro / estrutura defensiva	548.633 / 4.803.882
GA15030023	Gravado histórico da península da Torre de Hércules 1	Península da Torre	Moderna / Contemporánea	Lugar con representación gráfica, gravado histórico	548.425 / 4.803.890
GA15030026	Gravado histórico da península da Torre de Hércules 2	Península da Torre	Moderna / Contemporánea	Lugar con representación gráfica, gravado histórico	548.360 / 4.803.986
RE15030014	Gravado histórico do Polvorín 2		Medieval / Moderna	Lugar con representación gráfica, gravado histórico	547.872 / 4.803.518



Localización dos bens que engrosan o Catálogo Arqueolóxico

Será sobre cada un destes bens sobre os que se elabores as correspondentes fichas de catálogo, as cales quedan recollidas no apartado final desta memoria.

6. RESULTADOS: DOCUMENTACIÓN ASOCIADA AO PEPRI

Quedan recollidos neste capítulo os resultados da análise documental realizada para a presente actuación, os cales son complementados coas informacións saídas da intervención arqueolóxica en campo.

Os apartados aquí especificados engrosarán a documentación específica do catálogo arqueolóxico que se engadirá ao propio corpus do PEPRI. Posto que nestes momentos a súa redacción se atopa nunha fase de borrador, os datos aquí recollidos poderán experimentar engadidos, polo que en etapas posteriores realizarase un anexo a esta memoria coa información completa, a cal será incorporada aos documentos que engrosan o PEPRI.

Así, o primeiro apartado deste capítulo queda centrado na documentación arqueo-histórica do ámbito de actuación, continuando con unha relación das actuacións arqueolóxicas, e resumo de resultados, executadas no mesmo. O terceiro epígrafe queda reservado para a exposición das delimitacións establecidas para cada un dos elementos arqueolóxicos, segundo os datos obtidos coa execución completa da actuación arqueolóxica. Engádense tamén nese mesmo apartado as propostas de zonificación arqueolóxica sobre a superficie do PEPRI. En último lugar, recóllense as fichas individualizadas de cada un dos elementos, cos datos básicos iniciais, os cales serán completados a medida que avance a xa referida redacción do PEPRI.

6.1. Documentación histórica do ámbito do PEPRI do PE Q14 "Parque Torre de Hércules"

Tal e como xa se ven sinalando, o ámbito ocupado polo PEPRI PE Q14 "Parque Torre de Hércules" abarca a totalidade da península da Torre. A súa mesma denominación dá idea da importancia do monumento que domina o extremo setentrional da cidade da Coruña. É a través de el, e da súa evolución histórica, o que nos permite determinar as principais claves cronolóxicas nos usos e ocupacións do ámbito sinalado.

É en época romana coa construción da torre de Hércules, ou faro Brigantium, en torno ao século I a.C., onde encontramos a primeira clave na ocupación e uso do noso ámbito de interese (se ben non se pode descartar unha posible ocupación anterior deste espazo, aínda que actualmente non existen datos que apunten cara tal opción). Co avance do tempo os usos da Torre irían trocando, ao igual que o seu aspecto, podendo identificar como principais fitos o seu emprego como sinal marítima ata o século IX, conversión a fortaleza-castelo na baixa idade media, torre de vixilancia e atalaia defensiva entre os séculos XIV e XVI e recuperación do seu uso como faro a partir das remodelacións de 1684. O remate da idade moderna culminaría coa reforma de E. Giannini (1788-1791), coa que a construción adquire a súa actual aparencia.

O uso deste espazo en época medieval/moderna tamén queda constatado coa proliferación de diversos gravados históricos que se reparten actualmente pola liña de costa ao L da torre. Tales manifestacións tamén terían unha importante representación na área de Monte Alto, emprazamento hoxe totalmente modificado e no que semellan non quedar vestixios *in situ*.

Este contexto arqueo-histórico veríase completado pola construción de diversas estruturas defensivas na liña de costa da península da torre entre os séculos XVII-XVIII, principalmente. Estarían estas vinculadas ao importante papel de A Coruña como porto principal de Galicia así como ao contexto político nacional e internacional (guerra de sucesión española e guerras anglo-españolas principalmente). Deste conxunto defensivo, composto por estruturas de diferente tipoloxía (castelo, baterías e trincheiras), non chegan ao noso día vestixios rastrexables en superficie, se ben a súa existencia queda perfectamente corroborada na documentación histórica. Neste último senso, xogan un papel determinante as diferentes fontes planimétricas, as cales permiten localizar e realizar unha aproximación morfolóxica de cada un dos compoñentes deste sistema defensivo.

Quedan detallados a continuación os datos obtidos do estudo arqueo-histórico de cada un dos elementos que compoñen o catálogo arqueolóxico deste PEPRI, servindo así como detalle e complemento da propia información plasmada nas fichas de catálogo individualizadas. Para realizar esta redacción tense acudido a diversas fontes bibliográficas e planimétricas, así como ás propias fichas de catálogo da DXPC, quedando todas elas detalladas nas seguintes páxinas.

- **A Torre de Hércules**

  Identificada como xacemento arqueolóxico baixo o código GA15030004, a Torre conta coa denominación de Monumento Histórico Artístico dende o 3 de xuño de 1931, con declaración de Ben de Interese Cultural trala aprobación da lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Artístico baixo o código BIC.000.020 e atópase incluída na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO dende xuño de 2009. Adicionalmente, a través da Orde de 27 de decembro de 2019 e ao amparo da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, o espazo denominado Torre de Hércules conta con declaración provisional de espazo natural de interese local (ENIL).

  O ben queda emprazado na entrada do golfo Ártabro, sobre un pequeno outeiro rochoso denominado Punta Eiras, de case 57 m de altura e dominando así o extremo setentrional da cidade da Coruña.

A construción da Torre de Hércules dátase, de maneira xeral, no século I a.C., tendo como base tal hipótese a tipoloxía construtiva, o material moble recollido nas diferentes actuacións arqueolóxicas e os caracteres da inscrición fundacional existente na base da torre. Desta primeira construción (a cal podería estar substituíndo a unha anterior de factura moito máis sinxela) coñécese con seguridade a súa estrutura interna nos tres primeiros andares, todos eles de planta cadrada e dos que aínda quedan abondosas pegadas na edificación actual, pese ás substanciais transformacións sufridas. Así, o faro dispoñía de doce cámaras interiores, catro en cada unha das tres primeiras plantas, quedando comunicadas esas estancias dúas a dúas.
Do aspecto exterior da torre primixenia apenas quedan indicios actualmente, máis alá das identificadas na propia cimentación do edificio, descuberta durante a campaña de escavación en área entre os anos 1992 e 1994. A edificación aséntase sobre a propia rocha natural, previamente tallada para a adecuación dunha plataforma sobre a que arranca a construción, a cal podería ter na súa base un bloque ou zócalo macizo. Sobre el levantaríase un muro exterior hoxe en día totalmente desaparecido.
No que respecta ao acceso ao conxunto, e máis alá das abondosas interpretacións, considérase crucial a información recollida por J. Cornide antes da reconstrución neoclásica de finais do século XVIII. Así, a hipótese principal é a da existencia dunha rampla-escaleira, disposta entre o núcleo interno do edificio e o muro externo, a cal percorrería as súas catro fachadas. Dentro desta tipoloxía definida para o acceso aos diferentes andares, existen moitas interpretacións sobre a súa configuración, parecendo que a solución construtiva máis lóxica sería a de un desenvolvemento da rampla-escaleira con pendente continua nas catro fachadas e con descansos horizontais nas esquinas.
O remate superior da torre, hoxe en día totalmente desaparecido a raíz da restauración do século XVIII, sería unha estrutura cilíndrica pechada por unha bóveda que, probablemente, estaría aberta con un óculo para permitir a saíde de fume.
Con tales características, as dimensións que se barallan para a torre romana sitúanse nos 9 m de lado e 31 m de alto.



Planos de J. Cornide (1792) coa súa interpretación de como sería a construción primixenia romana no suposto de ter sostida a rampla-escaleira con pés dereitos (esquerda) e hipótese dunha escaleira voada (dereita)

No que respecta á inscrición fundacional, queda esta emprazada ao pé la torre, a escasos metros ao SSO. Está executada sobre a propia rocha natural, estando actualmente protexida por unha pequena edificación. O texto grafado: MARTI/AUG(USTO) SACR(UM) / G(AIUS) SEVIUS/ LUPUS / ARCHITECTUS/ AEMINIENSIS/ LUSITANUS ES VO(TO), corresponde coa inscrición votiva que o arquitecto da construción, Caio Sevio Lupo (segundo consenso actual), consagrou ao deus Marte Augusto. O obxecto de tal consagración non sería a torre, senón unha escultura, hoxe en día desaparecida, que estaría instalada sobre a inscrición e da que aínda se observan as pegadas da súa ancoraxe na rocha.



Imaxes da inscrición votiva (esquerda) e do edículo exento que a protexe, no lateral SSO da Torre. Imaxes realizadas dende SSO e SL

A torre romana manteríase máis ou menos intacta ata o século XVI, se ben semella claro que tería sido afectada por destrucións e saqueos dende cando menos o século V. Si mudarían nestes séculos os usos da torre, durante os cales iríanse levantando diferentes construcións anexas á súa base, onde destaca a construción dunha estancia destinada a cociña, posiblemente datada no século XI. Entre os referidos cambios de usos temos o emprego como castelo-fortaleza entre os séculos IX-XIII, torre de vixilancia e de sinais de aviso entre os séculos XIV-XV e posible atalaia de vixilancia e de avisos mediante farois de lume no século XVI.

A torre de Hércules representada en 1086 polo Beato de Liébana no seu mapamundi. Corresponde esta coa representación más antiga do faro da que de dispón actualmente



Representación realizada por F. Pierre Garcie no ano 1520 da torre de Hércules

Sería tamén nese século XVI, entre 1543 e 1553, o momento no que varios autores sitúan o desmantelamento do muro externo e da rampla-escaleira da torre, deixando á vista o seu núcleo interno. Tal modificación tería motivado a instalación dunha escaleira interna de madeira, coa conseguinte apertura das bóvedas da construción, permitindo así de novo o acceso á cúspide. Se ben tal obra vincúlase tradicionalmente á autoría do duque de Uceda, actualmente remóntase a ruptura das bóvedas cando menos ao primeiro terzo do século XVII. Así, sería en 1684 cando o referido duque promove a restitución, ou substitución, das escaleiras interiores de madeira, instalando ademais dúas pequenas torres con farois na cúspide da edificación, recuperando así a torre a súa función de sinal marítima.



A torre de Hércules no século XVII (debuxo de Juan de Santáns e Tapia de 1639 e fotografía do escudo de A Coruña da Porta da Torre de Arriba da Pescadería de 1625-1639). Considérase que nestas representacións xa se tería desmantelado o muro externo e a rampla-escaleira, deixando así a marca helicoidal sobre a nova cara externa da construción





Planos de J. Cornide nos que representa o estado da torre de Hércules nos anos 1762 (esquerda) e 1792 (dereita). Neste último caso, o debuxo foi executado antes do inicio das obras de restauración de 1788

Pese ás reparacións e modificacións puntuais, o faro seguiría mantendo un aspecto malogrado despois do seu desmantelamento parcial, feito polo cal, no ano 1788 se aproba a súa restauración por Real Orde de Carlos III, sendo acometida polo Tenente de Navío e Enxeñeiro Ordinario da Mariña D. Eustaquio Giannini. As obras comezaron en xullo de 1788 e terminaron en decembro de 1790, completándose despois o proxecto coa construción dunha plataforma na base do faro que non se rematou ata 1861.



Planos de J. Cornide (1792) da torre de Hércules trala reforma comezada en 1788

A citada reforma da lugar ao aspecto actual da torre de Hércules e forra perimetralmente o núcleo da edificación romana. Con esta obra o corpo do faro, o cal mantén a planta cadrada, ten aproximadamente 11,40 m de lado, medidas que se amplían ata os 11,74 m na súa base mediante un escalonado. Este revestimento remata cunha gran cornixa definindo así o límite da construción romana. Polo interior, por riba desa cornixa constrúese unha gran sala circular abovedada, inscrita nun recinto octogonal, sobre o que se sitúa unha terraza e outro elemento octogonal que sirve como base do fanal do faro. Con este corpo superior (que ven a substituír o remate de factura romana) a torre actual acada unha altura total de 54,59 m medidos dende a superficie da plataforma da base. As obras tamén tiveron incidencia no interior da torre, acometéndose as actuais escaleiras de granito e modificando así a estrutura interna do ben. Xa no exterior, o basamento da torre corresponde cunha gran plataforma que forma un polígono de dezaseis lados, sobre a que foi construído un pequeno edículo que alberga a inscrición fundacional.

Panorámica actual da Torre de Hércules, tomada dende SO

No que respecta ás actuacións arqueolóxicas acometidas directamente sobre a torre de Hércules, quedan todas elas restrinxidas ao século XX. A primeira delas foi executada por Luis Monteagudo no ano 1945, aproveitando a execución de obras nas proximidades da Torre. O seu traballo quedou cinguido á recuperación de restos mobles e á documentación estratigráfica daquelas zonas que presentaban remocións na área S-SL da Torre. Recuperábanse así materiais cerámicos e de bronce de adscrición romana, documentados en posición non primaria e, polo tanto, sen estruturas asociadas.

No ano 1990 executouse unha corta campaña de sondaxes arqueolóxicas, dirixidas entre outros investigadores por J.M. Bello Diéguez (arqueólogo municipal). Os datos obtidos do informe preliminar da actuación indican a execución de dez catas, de 2x2, 3x1 e 4x1 m, distribuídas na chaira situada ao SL da Torre. A principal conclusión saída desta intervención, segundo ven recollida no informe preliminar, é o uso da área de estudo como canteira. No que atinxe ao rexistro moble, o groso do material detectado responde a momentos recentes (moderno/contemporáneo), tendo como excepción un fragmento de tégula, a cal semella ter sido transportada ata a chaira SL polas escorrentías.

Así, a actuación arqueolóxica de maior calado, executada no ámbito da Torre, corresponde coa escavación en área realizada entre os anos 1992-1994. Quedou esta delimitada na base da torre, baixo a actual plataforma, nos seus laterais N,S e L, estando actualmente esta área musealizada. Os datos cos que se conta actualmente sobre esta intervención son parciais, e quedan principalmente cinguidos aos niveis medievais da construción. Así, foi documentada unha construción dedicada a cociña anexa ao muro externo do faro, levantada a partir do ano 1000 sobre outras construcións anteriores, a cal sufriría varios incendios e polo menos unha reforma interior. Esta construción acabaría destruíndose ao compás do desmantelamento do muro exterior da torre, entre os séculos XIII e XIV. Se ben a potencia da área escavada non está esgotada, tamén puido documentarse a cimentación da construción romana, executada sobre a propia rocha horizontalizada e cos seus correspondentes rebaixes para soster os perpiaños do muro externo (que algúns autores interpretan nesta base como zócalo macizo), así como os restos da destrución deste último.



Plano extraído do artigo de J.M. Bello Diéguez, D. Fernández Mosquera e J. Sanjurjo do ano 2008, no que se representa a área abarcada pola escavación dos anos 1992-1994

FONTES:

CORNIDE DE FOLGUEIRA, J. (1792): *Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la Torre llamada de Hércules, situada a la entrada del puerto de la Coruña*, Madrid

MASIÁ ROMENO, A. (et. alii) (1991); *Ciudad y torre: Roma y la Ilustración en La Coruña,* A Coruña

LATORRE GONZÁLEZ-MORO, P. (2007): "Hipótesis sobre la forma y construcción del faro de La Coruña conocido como <<Torre de Hércules>>". En ARENILLAS, M., SEGURA, C., BUENO, F., HUERTA, S. (eds.), *Actas del Quinto Congreso Nacional de Historia de la Construcción*, Burgos, pp. 563-575

BELLO DIÉGUEZ, J.M., FERNÁNDEZ MOSQUERA, D. e SANJURJO, J. (2008): "Los niveles medievales de la torre de Hércules: caracterización arqueológica y datación mediante TL y OSL". En E. RAMIL REGO (ed.), *Férvedes, 5.* Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba, Vilalba, pp. 453-464

NOYA, R., OTERO, A., GOY, A., FLORES, J. (2010): "La Torre de Hércules: Un paseo a través del tiempo y el espacio". En *CPAG, 20,* Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, pp. 177-188

VIGO TRASANCOS, A. (2015): "En pie de guerra: imágenes estratégicas de los puertos de A Coruña y Ferrol ante la amenaza de un ataque naval (1621-1639)". En *Quintana* nº 14, Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, pp. 35-58

ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, X. (2016): "Una nueva imagen de la Torre de Hércules (1086-1684): el faro romano". En *Nalgures, Tomo XII,* pp. 47-125

Fichas de Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, anos 1984 (sen autor) e 2010 (Santiago Vázquez Collazo)

- **Gravados históricos do Polvorín**

Cara o final do século XIX, entre os anos 1895-1897, D. Francisco Mª de la Iglesia descubría na área de Monte Alto unha serie de gravados, dos que nos quedan varias fotografías, representacións dos motivos máis un plano de localización. Hoxe en día non queda pegada algunha daqueles gravados no emprazamento orixinal, a causa das grandes modificacións que afectaron a esa área. Dentro do ámbito espacial abarcado polo PEPRI, quedarían localizadas dúas das estacións indicadas por de la Iglesia: os agora nomeados como gravados do Polvorín 1 e 2 (identificados coas letras d-e no plano de localización realizado por Santiago de la Iglesia, fillo do descubridor).

O uso desa área como canteira durante o século XX, así como as importantes transformacións producidas polos procesos urbanísticos, provocaron o traslado do que se identifica como gravados históricos do Polvorín 1 (GA15030005), fragmentado en dous bloques, así como a destrución/desaparición dos gravados históricos do Polvorín 2, catalogado na actualidade como referencia (RE15030014).



Plano coa localización dos gravados descubertos por D. Francisco Mª de la Iglesia en 1895-1897, recollido no artigo publicado polo seu fillo. A letra d corresponde coa localización orixinal dos gravados do Polvorín 1

Fotografía aérea actual (2020) na que se recolle a localización aproximada dos dous bens, e na que se da conta das profundas transformacións desenvolvidas na zona

Os gravados do Polvorín 1 distribuíanse orixinalmente por un panel vertical formando parte dun afloramento rochoso de moito maior tamaño. Na actualidade, emprázanse os dous bloques extraídos dese panel nos xardíns do Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón.





Imaxe de 1895 dos gravados do Polvorín 1 (esquerda) e proceso de extracción para o seu traslado ao museo arqueolóxico de San Antón nos anos 60 do século XX (dereita)

O bloque principal presenta unha forma tendente a cuadrangular, cunhas dimensións máximas de 1,7 m de longo, 1,34-1,50 m de ancho e 0,45-0,50 m de grosor do bloque extraído.

As insculturas distribúense na actualidade pola maior parte da cara superior deste bloque, aínda que se aprecia unha franxa libre na súa banda SL (tendo en conta a actual posición do panel). O motivo que máis se repite é o da cruz, habendo como mínimo dezaoito, todas elas latinas. A maioría presenta peana tendente a cuadrangular na súa base, e pequenos trazos transversais no remate dos tres brazos. Cando menos dúas destas cruces aparecen inscritas nun círculo. Ademais dalgúns trazos soltos, completa a composición o que semella ser unha figura zoomorfa, situada na área S (con respecto á posición actual do bloque). As dimensións máximas das cruces oscilan entre os 9-26 cm de longo e os 8-19 cm de ancho, mentres que para o zoomorfo as dimensións máximas sitúanse nos 22 x 14 cm, aproximadamente.

A visualización dos motivos presenta abondosas complicacións dada a súa erosión, feito acentuado pola existencia de líquenes sobre o bloque. Por tal motivo, a identificación dos gravados realízase agora por medio do modelo fotogramétrico (realizado por este equipo arqueolóxico).

Estado e localización actual do bloque principal dos gravados do Polvorín 1 (GA15030005). Imaxes realizadas dende NO e ONO



Modelo fotogramétrico do bloque principal dos gravados do Polvorín 1 (GA15030005)

Neste mesmo emprazamento (xardíns do museo arqueolóxico) atopamos un segundo fragmento do panel orixinal do Polvorín 1. De forma rectangular, as súas dimensións máximas son de 2 m de longo, 0,4 m de ancho e 0,38-0,4 m de grosor do bloque extraído.

A información inicial que se tiña sobre este segundo bloque apuntaba a ausencia de gravados sobre o mesmo. Sen embargo, a fotografía de 1895, na cal se visualiza este segundo bloque na parte esquerda da imaxe, permite desmentir esta afirmación. Esas insculturas, que na fotografía semellan corresponder con varias cruces, non son visibles na actualidade sobre a superficie deste segundo bloque extraído. A principal eiva para a súa visualización é a abundante proliferación de líquenes sobre o panel, ao que se engade a propia erosión da rocha. Neste caso, o modelo fotogramétrico tampouco aporta demasiados datos, xa que a presencia dos referidos líquenes desvirtúa a superficie do bloque. Aínda así, semella intuírse parte dalgún dos trazos que conformarían as referidas cruces.

Segundo bloque dos gravados do Polvorín 1 (GA15030005). Imaxes realizadas dende LNL e SL



Modelo fotogramétrico do segundo bloque dos gravados do Polvorín 1 (GA15030005)

Actualmente, unha boa parte dos investigadores apunta unha cronoloxía medieval para os gravados. Sen embargo, considérase que tampouco debería desbotarse unha posible adscrición moderna, tendo en conta a tipoloxía dos mesmos.

A localización deste ben queda agora recollida en plano no seu emprazamento orixinal, na paraxe de Monte Alto, debendo terse en conta que se trata dunha localización aproximada e que ten un valor principalmente informativo.

No que atinxe ao gravado do Polvorín 2, os únicos datos dos que dispomos son os aportados polo descubridor e o seu fillo (D. Santiago de la Iglesia) a finais do século XIX. Segundo o plano e croquis recollidos no manuscrito de Santiago de la Iglesia de 1897: *Reseña de las inscripciones fenicias o rúnicas del litoral de La Coruña, descubiertas por D. Francisco María de la Iglesia en mayor de 1895*, os gravados situaríanse ao carón, polo SL, do antigo polvorín emprazado na paraxe de Monte Alto. As insculturas consistirían en dúas cruces latinas, unha delas con peana circular, e a segunda con trazos transversais no remate dos brazos. Completarían a composición tres puntos.

De novo, a cronoloxía que se baralla de maneira xeral encádrase en época medieval, se ben faise fincapé de novo nunha posible adscrición moderna.



Plano coa localización dos gravados descubertos por D. Francisco Mª de la Iglesia en 1895-1897, segundo plano publicado polo seu fillo Santiago. A letra e corresponde cos gravados do Polvorín 2



Croquis dos gravados do Polvorín 2 (RE15030014) realizado por S. de la Iglesia (extracto do manuscrito de 1897)

Tal e como se citou con anterioridade, na actualidade toda a zona de Monte Alto, xunto ao antigo emprazamento do Polvorín, atópase profundamente modificada, na que queda constatada a práctica ausencia da topografía orixinal do terreo. Ese perigo de destrución a causa das extraccións de pedra xa quedaba constatado en 1897 polo propio Santiago de la Iglesia: *"(...) todas, o casi todas estas inscripciones están llamadas a desaparecen en breve plazo. (...). Así se ven en las figuras (C) y (J) los agujeros practicados a pico donde se introducen las cuñas de hierro que a golpes de mazo desprenden el bloque de la forma deseada. (...). Así han desaparecido muchísimos de los signos vistos aun no hace dos años".* Por tales motivos, e ante a falta de datos detallados sobre a localización destes gravados do Polvorín 2, recóllese na súa ficha de inventario un plano coa súa localización aproximada, a cal volve a ter principalmente un carácter informativo.

Panorámica do estado actual da área de emprazamento orixinal dos gravados do Polvorín 1 (GA15030005)

Como se pode apreciar toda a área de Monte Alto sufriu profundas modificacións, o que implicou a perda da maior parte da súa topografía orixinal. Nesta área sería onde se emprazarían os gravados do Polvorín 2 (RE15030014)

FONTES:
TETTAMACY GASTÓN, F. (1923): "La Torre de Hércules, Impresiones acerca de este antiquísimo faro bajo su aspecto histórico y arqueológico", A Coruña
de la IGLESIA, S. (1897): "Informe acerca de unas supuestas inscripciones fenicias o rúnicas en el litoral de La Coruña". Facsímil, recollido na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (https://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcrv238)
GALICIANA, Arquivo Dixital de Galicia. *Santiago de la Iglesia: manuscritos, notas e apuntamentos*
https://colectivoarula.com/2017/12/19/os-gravados-rupestres-na-contorna-da-torre-de-hercules/
Fichas de Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, ano 2010 (Santiago Vázquez Collazo)

- **Gravados históricos de Punta Herminia**

Na área dominada pola paraxe de Punta Herminia, no extremo nororiental da península da Torre, foron descubertos un total de tres gurpos de gravados por D. Francisco Mª de la Iglesia, no ano 1895. Dos tres paneis temos coñecemento na actualidade de dous deles, nomeados como gravados de Punta Herminia / O Altar / Monte dos Bicos (GA15030008) e gravados de Pena da Brúxula (GA15030019), os cales comparten afloramento. No que respecta ao terceiro panel, nomeado como rocha C do Monte dos Bicos, non se volveron ter noticias dende a súa descuberta, podendo estar tapado ou destruído.





Plano coa localización dos gravados descubertos por D. Francisco Mª de la Iglesia en 1895-1897, segundo plano publicado polo seu fillo Santiago. As letras a-b corresponden aos gravados de Punta Herminia (GA15030008) e Pena da Brúxula (GA150300019) respectivamente, mentres que a letra c segue como rocha non coñecida hoxe

Distribucións dos gravados de Punta Herminia (letra a de 1897, GA15030008) e Pena de Brúxula (letra b de 1897, GA15030019) sobre ortofoto actual (PNOA2020)

Os gravados de Punta Herminia (GA15030008) localízanse no extremo SO dun gran afloramento granítico, distribuíndose por un panel case vertical. As medidas máximas do afloramento actualmente visibles son de 13,85 m no eixo NO-SL e 9,5 m no eixo NL-SO, mentres que as dimensións do panel sitúanse nos 0,9-1 m de altura e 5,6 m de longo (orientación NO-SL).
As insculturas distribúense por toda a superficie do panel, sendo o motivo principal as cruces latinas. Varías delas atópanse inscritas por un círculo (ou trazo tendente ao círculo), aparecendo recollidas tanto individual como colectivamente. Algúns dos cruciformes presentan peana redondeada na súa base, sendo anecdóticos os motivos con pequenos trazos transversais no remate dos brazos. Tamén hai grafados trazos rectilíneos , algúns a modo de retícula, e o que poderían corresponder con algúns antropomorfos e un zoomorfo.

Fotografías dos gravados de Punta Herminia (GA15030008) tomadas polos seus descubridores e que se atopan gardadas xunto cos fondos familiares no arquivo da Real Academia Galega

Vista xeral do estado actual do panel no que se distribúen os gravados de Punta Herminia / O Altar / Monte dos Bicos (GA15030008). Panorámica realizada dende SSO

As dimensións medias dos gravados son difíciles de aportar, dada a dificultade actual para distinguir con precisión os trazos. Tales dificultades veñen motivadas pola erosión dos gravados, a existencia de líquenes sobre o panel e a presencia de abondosos ocos na rocha, de pequeno tamaño, provocados polos impactos de bala durante o uso da zona como campo de tiro. Esta última circunstancia estivo motivada pola pertenza desta área á xurisdición militar. Con estas condicionantes, a visualización directa dos motivos presenta abondosas trabas, feito que non mellora substancialmente no procesado do modelo fotogramétrico.

Vistas de detalle do panel de Punta Herminia, no que a identificación dos gravados a simple vista presenta abondosas dificultades. Imaxes tomadas dende SSL e SO



Modelo fotogramétrico dos gravados de Punta Herminia (GA15030008)

Os gravados de Pena da Brúxula (GA15030019) quedan localizados a uns 19,60 m ao LNL dos de Punta Herminia. Distribúense estes por parte dun afloramento granítico a ras de chan que ten unhas dimensións máximas visibles de 9 m no eixo NO-SL e 3,8 m no eixo NL-SO.
As insculturas actualmente detectables distribúense polo perímetro O, N e NL da rocha, correspondendo con cruces latinas. Contabilízanse así un total de oito, varias delas con peana na súa base a pequenos trazos transversais no remate dos brazos. Tan só unha destas cruces se atopa inscrita por un trazo que semella a forma dunha lágrima. As dimensións das insculturas oscilan entre os 35-22 cm de longo e os 24-13 cm de ancho.

Imaxe dos gravados de Pena da Brúxula (GA1530019) tomada do manuscrito de Santiago de la Iglesia (1897) que figura na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, e estado actual do afloramento. Imaxe da dereita tomada dende SSL

A identificación dos motivos actualmente visibles presenta certas dificultades, aínda que unha análise exhaustiva da rocha permite identificalos. De novo, o procesado do correspondente modelo fotogramétrico permite un recoñecemento máis claro dos mesmos.
Compre apuntar que o contraste entre os datos saídos da presente inspección e o croquis realizado por D. Santiago de la Iglesia (fillo do descubridor) en 1897, semella indicar que algunhas das insculturas grafadas naquel momento se atoparían actualmente tapadas pola capa superficial do terreo (terrón vexetal). Eses gravados serían os situados na marxe SL do panel. En base ao citado croquis, os motivos non visibles corresponderían cunha segunda cruz inscrita tamén nunha forma de lágrima e un cadrado reticulado con apéndice rectilíneo (ou unha cruz cos brazos inscritos nun cadrado).





Comparativa entre o croquis dos gravados de Pena da Brúxula executado por Santiago de la Iglesia en 1897 e o modelo fotogramétrico executado na presente intervención, no que se sinalan as áreas onde se identifica a existencia de insculturas

A cronoloxía que se apunta de maneira xeral para ambos bens volve ser medieval, identificándose ademais certa uniformidade formal entre estes gravados e os do Polvorín 1. Sen embargo, considérase convinte volver incidir na hipótese de que as insculturas poidan ter unha orixe máis actual (época moderna), atendendo á tipoloxía das mesmas.

Os dous grupos de gravados atópanse actualmente identificados con paneis explicativos, o que facilita a súa localización e promove a súa posta en valor.

No que atinxe á nomeada como rocha C do Monte dos Bicos, actualmente non localizada, podería quedar emprazada ao N dos gravados de Punta Herminia, e con unha distancia maior da que existiría entre estes e os de Pena da Brúxula.
Segundo o croquis realizado por D. Santiago de la Iglesia, este panel C presentaría unha forma rectangular, situándose o motivo gravado na súa área central. As insculturas semellan formar unha especie de reticulado con puntos nos seus vértices.
Na actualidade non se ten referencia algunha da localización destes gravados, os cales poderían estar tapados por terra, ao igual que ocorreu no seu día cos de Pena da Brúxula. Aínda así, tamén debe apuntarse a posibilidade de que este panel fose destruído, xa que a inspección en campo permite identificar que esta área foi obxecto de diversas extraccións de pedra.



Representación da rocha C que figura no manuscrito de Santiago de la Iglesia (1897) e estado actual da zona onde se detectan áreas de extracción que poderían ter provocado a destrución do ben (hoxe en día non localizado). Imaxe da dereita tomada dende S

FONTES:
TETTAMACY GASTÓN, F. (1923): "La Torre de Hércules, Impresiones acerca de este antiquísimo faro bajo su aspecyo histórico y arqueológico", A Coruña
de la IGLESIA, S. (1897): "Informe acerca de unas supuestas inscripciones fenicias o rúnicas en el litoral de La Coruña". Facsímil, recollido na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (https://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcrv238)
GALICIANA, Arquivo Dixital de Galicia. *Santiago de la Iglesia: manuscritos, notas e apuntamentos*
https://colectivoarula.com/2017/12/19/os-gravados-rupestres-na-contorna-da-torre-de-hercules/
Fichas de Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, ano 2010 (Santiago Vázquez Collazao)

- **Sistema defensivo da península da Torre**

Tal e como se avanzaba ao inicio deste apartado, a liña de costa de península da Torre acolleu un total de 5 estruturas de carácter defensivo, construídas todas elas en época moderna. A súa construción semella ter sido obxecto de proxectos independentes, aínda que executada con un fin común: reforzar o sistema defensivo da cidade da Coruña na súa liña de costa setentrional.
Os bens que conforman este sistema son o castelo de San Amaro, a batería de Dormideiras (ou Adormideras), a batería de Pradeiras (ou Pragueiras), a batería de Orzán e unha liña de trincheiras, quedando todos eles identificados como xacemento baixo o código GA15030020.
Da totalidade destas construcións non existe vestixio algún en superficie hoxe en día, verificándose ademais que varias das súas zonas de emprazamento víronse profundamente alteradas por diferentes procesos urbanísticos, o que podería supor un total arrasamento tanto do corpo estrutural como das posibles pegadas que puideran existir no subsolo nalgúns dos casos.
Con estas condicionantes, os datos cos que contamos actualmente sobre estes bens son reducidos, xogando un papel primordial para a presente documentación o contraste de diferentes planimetrías históricas datadas entre o século XVII e o ano 1919. É a través da análise e contraste destas fontes coa que se establecen no actual documento as localizacións e detalles morfolóxicos de boa parte das estruturas. Polo tanto, parte destes datos teñen un carácter aproximativo, cuxo fin principal é ofrecer unha visión xeral da distribución das diferentes estruturas que conformarían este sistema defensivo, así como indicar aquelas zonas que poderían albergar restos das mesmas no subsolo.

Distribución do sistema defensivo da península da Torre, sobre ortofotografía PNOA2020

O castelo de San Amaro quedaría localizado nun pequeno saínte de mar na enseada de San Amaro. A súa construción puido dar comezo no século XVI, aínda que nese momento correspondería cunha simple batería. Algúns autores sinalan a súa ampliación e consolidación como defensa da cidade no século XVII, aparecendo de maneira clara nas cartografías do século XVIII (a primeira da que dispomos e na que se representa data en 1726 realizada por Francisco Montaigú). A finais dese mesmo século, o forte xa comezaría o seu proceso de abandono, quedando este feito totalmente constatado nunha planimetría de 1788 de Patricio García, así como en fontes do século XIX, no que se define como "forte arruinado".

Primeira referencia identificada nas fontes recompiladas sobre o Castelo de San Amaro. Plano de 1726 confeccionado por Francisco Montaigú

Representación en planta do castelo de San Amaro, coa identificación das dúas defensas e instalacións anexas. Plano do século XVIII sen autor identificado



© Ministerio de Cultura. Archivos Estatales

Plano en planta do castelo de San Amaro, coa planificación dunha nova edificación que non chegou a executarse. Confeccionado en 1755 por Miguel Marín

Extracto planimétrico onde se referencia o castelo de San Amaro como: "forte arruinado chamada da Goleta". Plano de 1788 executado por Patricio García

Plano de 1885 confeccionado polo Xeneral Gómez Arteche, no que se fai fincapé no estado ruinoso do Castelo de San Amaro



Corrobórase que o estado ruinoso da edificación non mudou ó longo dos anos neste plano de 1914

Fotografía datada en 1912 do castelo de San Amaro, coa batería de Adormideras ao fondo, e comparativa co estado actual da zona (fotografía realizada dende N). Pode verificarse unha modificación total da topografía orixinal do saínte de mar

O castelo presentaría una planta irregular, seguindo a propia forma do saínte de mar, estando defendido por unha pequena muralla pétrea. A súa existencia aínda pode rastrexarse na fotografía aérea de 1946. Con estes datos apórtanse as súas dimensións máximas aproximadas: 23 m no eixo NO-SL e 18 m no eixo NL-SO. A súa destrución produciríase pouco tempo despois, na década dos anos 50 do século XX, realizándose unha considerable modificación da topografía orixinal desta área. Tales transformacións teríanse completado coa construción do actual club do mar de San Amaro. Con estas circunstancias (modificación da topografía orixinal da zona), pode considerarse a inexistencia de vestixios vinculados ao forte no actual subsolo da súa antiga zona de emprazamento.
Así, recóllese agora a localización deste ben en plano a modo informativo, cuxas coordenadas UTM (sistema ETRS89) centrais son: 548.839 / 4.803.323. Ademais, queda referido na cartografía deste documento baixo o código GA15030020-1.
A batería de Adormideiras (ou Dormideras) estaría emprazada na denominada punta de Adormideras, na cara SL da península da torre. A súa construción volve quedar testemuñada nos planos de mediados do século XVIII, o primeiro deles data de 1780, habendo autores que remontan tal construción ao século XVII.

A primeira representación da batería de Adormideras nas fontes recompiladas data de 1780 (sen autor)



Representación en planta e sección da batería de Adormideras nun plano do século XVIII (sen autor e data exacta)

A representación da batería (tamén identificada como forte e incluso castelo) mantense en todas as cartografías recompiladas, con certa uniformidade na súa planta, agás algunhas excepcións. Plano de 1732-1795 de Vicente Tofiño De San Miguel á esquerda e cartografía de 1914 (sen autor) á dereita

De traza estrelada e simétrica, cun posible foxo perimetral, o seu corpo central presentaría planta en "U". Ao igual que ocorría coa defensa anteriormente descrita, a súa existencia pode aínda recoñecerse na fotografía aérea de 1946, da cal se extraen unha dimensións máximas para a construción de 61 m no eixo NNL-SSO e 45 m no eixo NNO-SSL. A súa destrución pode encadrarse nos anos 50 do século XX, momento en que toda a zona comeza a sufrir diversas modificacións, culminando na construción das edificacións destinadas a vivendas que ocupan este espazo na actualidade. Así, pode extraerse de novo que toda a zona se atopa profundamente modificada, podendo non albergar vestixios desta defensa no subsolo.
De novo, recóllese a localización deste ben en planimetría cun fin principalmente informativo, sendo as súas coordenadas UTM (sistema ETRS89) centrais: 549.086/ 4.803.444. Queda identificado ademais nesta documentación baixo o código GA15030020-2.

Detalle planimétrico da batería de Adormideras, aínda en pé no ano 1946 (fotografía aérea)

Estado actual da zona de emprazamento da batería de Adormideras, a cal se atopa profundamente modificada polos diferentes procesos urbanísticos. Imaxe realizada dende NL

A batería de Pradeiras (ou Pragueiras) distribuiríase entre as paraxes denominadas punta Pragueira e cabalo de Pradeiras. De novo, a análise cartográfica permite afirmar a existencia desta defensa cara a metade do século XVIII, quedando representada nun plano de 1750 (sen autor) e de 1732-1795 de Vicente Tofiño de San Miguel. Sen embargo, non pode ser descartado un momento anterior para a súa construción.
Os escasos datos que se teñen deste elemento defínena como unha explanada para pezas de artillería, cun parapeto e un corpo de garda. Así queda grafada en xeral nos diferentes planos históricos, con diferentes axustes segundo o autor e detalle dos mesmos. Neste caso, non se atopa indicio algún da existencia da batería nas fotografías aéreas, polo que a representación que agora se propón corresponde coa que se considera máis completa nas cartografías recompiladas (a que aparece reflectida nun plano de 1914). Debe apuntarse a hipótese de que esta defensa sufrise algún tipo de proxecto de remodelación, podendo corresponder os axustes na súa representación con tal feito.

Cartografía de 1750 (sen autor) na que figura a posición da batería de Pradeiras. Queda identificada co nº 79 como: batería e corpo de garda. O número 82 corresponde coa liña de trincheiras

Batería de Pradeiras representada nun plano datado entre 1732-1795 de Vicente Tofiño de San Miguel



Representación da batería de Pradeiras nun plano do século XIX (1819 coa autoría de Felipe Gianzo). O debuxo muda respecto ao esquema reflexado para a defensa no século XVIII, establecéndose o que podería ser unha liña de parapeto no perímetro costeiro

Plano de 1914 (sen autor) do que se extrae a distribución en planta da batería de Pradeiras incorporada na cartografía do presente documento

No que atinxe ao seu momento de destrución pode indicarse que cara o ano 1986 toda a zona xa tería sufrido importantes transformacións (descoñécese a motivación das mesmas), se ben este é dos poucos puntos de emprazamento ocupados polas defensas que se manteñen na actualidade sen urbanizar, máis alá do cemiterio musulmán e da instalación de diferentes elementos ornamentais.
As coordenadas UTM (sistema ETRS89) centrais do ben, saídas da delimitación agora aportada son: 549.134 / 4.803.766, quedando identificado baixo o código GA15030020-3.

Panorámica do estado actual do que sería o sector occidental da batería de Pradeiras. Imaxe realizada dende SO

Panorámica realizada na área correspondente coa zona oriental da batería de Pradeiras. Imaxe tomada dende ONO

A batería de Orzán quedaría emprazada ao S da punta costeira que lle da nome, onde actualmente se atopa o aparcadoiro do Aquarium Finisterrae. De novo a planimetría histórica permite confirmar a súa existencia no século XVIII (plano de 1780 sen autor), sendo esta a referencia máis temperá da existencia da construción coa que contamos polo momento.

Primeira representación da batería de Orzán dentro dos planos recompilados, a cal data de 1780 (sen autor)

Como se pode observar, a representación desta defensa non experimenta grandes cambios. O extracto pertence a unha copia dunha cartografía datada en 1812 (copia realizada en 1847) de José Valverde





Nos planos do século XX mantense a súa representación. Á esquerda plano de 1913-1919 de Benito Chías e á dereita cartografía de 1914 (sen autor)

Queda representada esta estrutura na maioría das fontes con unha liña de defensa cuadrangular (descoñécese a tipoloxía) e un corpo de garda. Neste caso tampouco se pode asegurar que a batería seguise en pé a mediados do século XX, se ben na fotografía aérea de 1946 parece intuírse unha construción nese punto. A partir dos anos 50 esta área xa comezaría a ser modificada, culminando nos anos 90 coa construción do acuario (emprazado na propia punta de Orzán) e instalacións anexas.

Así, de novo, a delimitación que se propón agora para esta defensa ten una carácter hipotético e informativo, semellando que as profundas transformacións da súa zona de emprazamento poderían ter eliminado os vestixios existentes no subsolo da mesma. As súas coordenadas UTM (sistema ETRS89) centrais son: 547.703 / 4.803.477, quedando identificada a batería na cartografía deste documento co código GA15030020-4.

Extracto da fotografía aérea de 1946 onde se intúe unha construción no lugar de emprazamento da batería de Orzán. A baixa resolución impide afirmar que tal edificación corresponda coa defensa de época moderna

O espazo no que se emprazaba a batería de Orzán atópase ocupado na actualidade polo aparcadoiro do acuario de A Coruña, e edificacións anexas. Imaxe tomada dende L

No que atinxe ás trincheiras, o seu trazado queda reflectido en varias das cartografías do século XVIII, estando datada a máis antiga en 1726 (autoría de Francisco Montaigú). Aínda así, a súa construción podería remontarse cando menos a principios de século, xa que existe a mención de que parte do trazado das trincheiras tería sido reparado no ano 1710 (referencia en plano de 1750 sen autor).

Trazado das trincheiras (liña negra) segundo o plano de Francisco Montaigú de 1726. A lenda que acompaña a esta representación indica: "trincheramientos contra un desembarco"

Representación das trincheiras nun plano de 1750 (sen autor). A lenda que acompaña o plano indica para esta defensa: "trincherones reparados en el año 1710" para o nº 81, e "trincherones antiguos arruinados en mismos puntos" para o nº 82

Extracto dun plano de 1785 de Sánchez Salvador no que se prolonga a liña de trincheiras ata a punta de Orzán



Posible última representación da liña de trincheiras, por medio dunha fina liña negra, dentro dos planos recompilados. A cartografía data de 1869 sendo realizada polo Corpo do Estado Maior

A súa disposición non presenta moitas variantes nos diferentes planos: bordeando a liña costeira da península dende o S da torre de Hércules ata a enseada de San Amaro, e continuando despois cara S, ata a enseada dos Pelamios. A única variante significativa identificada queda recollida nun plano de 1785, no cal se alonga a liña de trincheiras dende o S da Torre de Hércules ata a batería de Orzán.

Non temos datos actualmente que permitan concretar o tipo e morfoloxía desta defensa, sendo a hipótese xeral barallada a de que poderían corresponder con gabias escavadas no terreo.

A inexistencia de pegadas actuais desta liña de trincheiras, así como a imposibilidade de rastrexala nas fotografías aéreas antigas, impide establecer unha data de abandono e posterior destrución, aínda que na actualidade boa parte do seu posible trazado atópase en áreas destinadas a zonas verdes.

Compre indicar que este é o caso no que máis necesario é apuntar que a representación deste elemento corresponde cunha interpretación, establecida a partir do contraste das planimetrías históricas consultadas. Recóllese ademais tanto o trazado xeral grafado nas fontes, como a súa posible continuación cara a batería de Orzán.

A coordenadas UTM (sistema ETRS89) centrais deste ben son: 548.599 / 4.803.802, quedando identificado en planimetría baixo o código GA15030020-5.

Panorámicas do estado actual da liña de costa da península da Torre na que non se observan indicios en superficie do trazado das trincheiras. Imaxes tomadas dende L, NL, SO e SSO

FONTES:
RIVEIRA BULLÓN, A. (2013): "Reconstrucción infográfica y volumétrica de las etapas constructivas del Castillo de San Antón", Traballo de Investigación, Universidade de A Coruña, Departamento de Composición, A Coruña
SORALUCE BLOND, J. R. (2013): "Estudio de identificación, definición histórica y acotación material de las murallas de la ciudad vieja de A Coruña: criterios de actuación", Concello de A Coruña, A Coruña
Biblioteca Virtual de Defensa. Ministerio de Defensa, Goberno de España
Instituto Xeográfico Nacional (IGN)
https://miscastillos.blog/2020/03/28/as-defensas-da-coruna-y-2-fortificacion-da-ria/https://colectivoarula.com/2017/12/19/os-gravados-rupestres-na-contorna-da-torre-de-hercules/

- **Gravados históricos da península da Torre de Hércules**

Emprazados na área chaira ao L da Torre de Hércules, corresponden ambos xacementos con gravados históricos. Son os elementos que engrosan o catálogo arqueolóxico da nosa zona de actuación de descuberta máis recente e identificados inicialmente baixo un mesmo código, o GA15030023. Porén, a distancia existente entre os dous gravados (110 m), así como a falta de indicios sobre a vinculación entre ambos, leva a que sexan tratados a partir de agora como dous xacementos independentes: gravados históricos da península da Torre de Hércules 1 (GA15030023) e gravados históricos da península da Torre de Hércules 2 (GA15030026).



Localización dos gravados da península da Torre, sobre ortofografía do PNOA2020

Os gravados históricos da península da Torre de Hércules 1 localízanse no extremo NO dun afloramento rochoso, o cal presenta certas zonas tapadas pola capa superficial do terreo. Así, as dimensións visibles do citado afloramento son de 7,2 m no eixo NL-SO e 9,5 m no eixo NO-SL, mentres que as do panel que contén os gravados son de 0,8 m en sentido NNL-SSO e 0,45 m en sentido NNO-SSL.

Vista xeral do afloramento e detalle do panel no que localizan os gravados da península da Torre de Hércules 1 (GA15030023). Imaxes tomadas dende NNO e NL

Os motivos están grafados no extremo do panel, onde se pode observar a inscrición REUE ou RCEU, baixo a cal se dispoñen o que poden ser interpretadas como dúas cruces. Unha delas semella ter pequenos trazos transversais nos seus brazos curtos, o que lle da un aspecto de forma de tridente. Tampouco se pode descartar que esa forma foxe a idea orixinal e así plasmada polo gravador. As dimensións totais do conxunto dos gravados é de 0,12 m de longo (sentido NNL-SSO) e 0,08-0,09 m de ancho (sentido LSL-ONO).



Modelo fotogramétrico dos gravados da península da Torre de Hércules 1 (ga15030023), realizado durante a presente intervención

O gravado da península da Torre de Hércules 2 (GA15030026) queda emprazado nunha pequena rocha alombada a ras de chan, localizada a 110 ao NO do do grupo 1 (GA15030023) e a escasa distancia da liña de costa. As dimensións do soporte, actualmente visibles, son de 55-60 cm en sentido ENE-OSO e 35 cm en sentido NNO-SSE.

Vista xeral da rocha e detalle dos gravados da península da Torre de Hércules 2 (GA15030026). Imaxes tomadas dende L e NNL

As insculturas corresponden con varios alfabetiformes, trazos soltos e o que semella ser unha áncora. Na que podemos identificar como liña superior e seguindo o eixo maior da rocha aparecen grafadas unha A (de 11 x 9 cm), a referida áncora (de 13 x 9 cm e unha profundidade de suco de 1,5-2 cm) máis algúns trazos soltos. Na liña inferior identifícanse as letras MA, cunhas dimensións en conxunto de 9 x 13 cm.



Modelo fotogramétrico dos gravados da península da Torre de Hércules 2 (GA15030026), realizado durante a presente intervención

A proposta cronolóxica actual para ambos bens é unha execución en épocas recentes: moderno/contemporáneo. Tal hipótese baséase no pronunciado de boa parte dos sucos, con sección en "V", así como na propia tipoloxía das insculturas. No caso do gravado nº 2, poderíamos atoparnos ante algunha sinal de término marítimo.

6.2. Resumo das actuacións arqueolóxicas desenvolvidas no ámbito do PEPRI do PE Q14 "Parque Torre de Hércules"

Quedan especificadas neste apartado as actuacións arqueolóxicas desenvolvidas no ámbito do PEPRI, sendo a fonte de información principal os expedientes arqueolóxicos que actualmente se atopan depositados no Arquivo de Galicia.

Estes datos iniciais son susceptibles de experimentar engadidos, xa que a busca efectuada ata este momento se centrou nos expedientes depositados no Arquivo de Galicia e nesa entidade tan só figuran os expedientes arqueolóxicos das actuacións desenvolvidas ata o ano 2017, sendo a información contida na maior parte deles incompleta. Por tal motivo, estase á espera nestes momentos de recibir posibles datos adicionais por parte do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como da Xefatura Territorial de A Coruña. No caso de darse tal actualización, a listaxe completa das actuacións e os datos básicos saídos de cada unha delas serán recollidos nun anexo posterior a esta memoria e incorporados á documentación que agora se está a redactar para o PEPRI.

O principal interese sobre as intervencións desenvolvidas neste ámbito radica no coñecemento sobre a documentación, ou non, de vestixios vinculados a algún dos bens emprazados nesta zona, podendo así determinar con maior precisión aquelas áreas con maior potencial arqueolóxico no subsolo. Sen embargo, cos datos dos que dispomos actualmente tal visión xeral é moi acoutada, posto que a maior parte dos expedientes consultados non recollen a correspondente memoria de resultados ou informe valorativo das actuacións.

Con tales eivas, a conclusión xeral saída do estudo desta documentación é a ausencia de vestixios no subsolo nas áreas ata agora removidas baixo supervisión arqueolóxica. Como excepción temos a contorna inmediata da Torre de Hércules, onde as escavacións acometidas entre os anos 1992-1994 teñen documentado a existencia de edificacións anexas nesa área, tal e como queda detallado no apartado anterior.

Exponse a continuación a listaxe dos expedientes consultados vinculados ás actuacións arqueolóxicas, excluíndose aqueles referidos a tramitacións administrativas. Xunto a esta correlación, especifícanse os resultados saídos das intervencións nos casos nos que dispomos de tales datos, detallándose en planimetría, de maneira aproximada, os ámbitos abarcados polas mesmas.

Data Inicio	Data Fin	Nº de Expediente Servizo de Arqueoloxía	Título da Actuación	Resultados da Actuación	Identif. Plano
01.01.1990	31.12.1992	02.A.001.1990.003	Sondaxes arqueolóxicas na Torre de Hércules (A Coruña)	Informe preliminar onde se identifican as dez catas executadas para as sondaxes. Dos restos mobles documentados só un pertence a época romana: un fragmento de tégula. O resto presenta unha factura moderno/contemporánea. Sen vestixios estruturais identificados	A1
01.01.1992	31.12.2012	02.A.001.1992.003	Escavacións arqueolóxicas para a restauración da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información da actuación. Extráese o ámbito abarcado pola escavación do artigo BELLO DIÉGUEZ, J.M., FERNÁNDEZ MOSQUERA, D. e SANJURJO, J. (2008): "Los niveles medievales de la torre de Hércules: caracterización arqueológica y datación mediante TL y OSL". En E. RAMIL REGO (ed.), Férvedes, 5. Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba, Vilalba, pp. 453-464	A2
01.01.1995	31.12.1995	02.A.001.1995.002	Control arqueolóxico das obras na zona Orillamar-Torre de Hércules do paseo marítimo (A Coruña)	Sen información.	
01.01.2002	31.12.2003	02.A.001.2002.025	Proxecto de recuperación e rehabilitación do antigo cemiterio Moro, na contorna da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	
01.01.2003	31.12.2003	02.A.001.2003.008	Control arqueolóxico da apertura e urbanización da rolda de Monte Alto e do sistema viario local do polígono G2-01 do PXOU da Coruña (Plan Especial da Torre de Hércules)	Sen información.	
01.01.2009	31.12.2009	02.A.001.2009.011	Proxecto de acondicionamento do edículo que contén a Inscrición Fundacional da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	

01.01.2009	31.12.2009	02.A.001.2009.015	Control arqueolóxico das obras de acondicionamento e mellora do entorno da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	
01.01.2010	31.12.2010	02.A.001.2010.009	Control arqueolóxico dun centro de recepción e interpretación de visitantes provisional para a Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	
01.01.2010	31.12.2011	02.A.001.2010.013	Sondaxes e control arqueolóxico das obras do saneamento da contorna da Torre de Hércules (A Coruña)	Non foron documentados restos mobles nin estruturas de significación arqueolóxica. Os niveis estratigráficos, estruturas e materiais rexistrados responden a momentos recentes, moderno/contemporáneos, vinculados ás diferentes transformacións no espazo que circunda a Torre de Hércules.	A3-Sondaxes A3-Control
01.01.2010	31.12.2010	02.A.001.2010.014	Control arqueolóxico das obras do mantemento e conservación da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	
01.01.2012	31.12.2012	02.A.001.2012.009	Control arqueolóxico das obras de acondicionamento das sendas peonís no ámbito da Torre de Hércules (A Coruña)	Non foron documentados restos mobles nin estruturas de significación arqueolóxica.	A4
01.01.2016	31.12.2016	02.A.001.2016.007	Control arqueolóxico da instalación das redes de telecomunicacións no Plan Especial da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	
01.01.2017	31.12.2018	02.A.001.2017.034	Control arqueolóxico do plan de conservación da iluminación ornamental da Torre de Hércules (A Coruña)	Sen información.	



Distribución das actuacións arqueolóxicas das que se ten información dentro do ámbito delimitado para o PEPRI (liña descontinua gris), e relación espacial cos diferentes elementos do catálogo arqueolóxico



Detalle planimétrico 1 coa localización das actuacións arqueolóxicas (das que se teñen datos) dentro do ámbito definido para o PEPRI



Detalle planimétrico 2 coa localización das actuacións arqueolóxicas (das que se teñen datos) dentro do ámbito definido para o PEPRI

6.3. Detalles sobre a delimitación de xacementos e proposta inicial de zonificiación

Recóllense neste apartado as delimitacións propostas para cada un dos elementos que engrosan o Catálogo arqueolóxico, así como un primeiro esbozo da zonificación de protección para o conxunto da superficie abarcada polo PEPRI.

A delimitación de cada elemento responde en primeira instancia ás observacións saídas da prospección en campo. Sen embargo, para varios dos bens a análise documental foi crucial para o establecemento de tales localizacións. Por tal motivo, recóllese a continuación unha pequena xustificación dos límites grafados para cada elemento:

Torre de Hércules, GA15030004. Gráfanse os seus límites tal e como quedan establecidos actualmente na cartografía do PXOM. Recolle tal delimitación tanto a propia edificación da Torre como o seu ámbito inmediato, o cal é coincidente coa plataforma construída na súa base. Estes límites tamén abarcan a superficie ao pé do elemento onde se ten constancia da existencia de estruturas vinculadas ao mesmo.

Delimitacións establecida inicialmente para a Torre de Hércules. A liña descontinua laranxa corresponde co ámbito do PEPRI

Gravado histórico do Polvorín 1, GA15030005. Identifícase a súa posición orixinal (aproximada) cun punto. Tal localización aproximada responde ao feito de que o panel foi extraído e trasladado ao Museo arqueolóxico do Castelo de San Antón nos anos 60 do s. XX, polo que non se ten certeza absoluta do punto exacto no que se atoparía. Tales circunstancias (extracción e traslado do ben, e sinalización de posición aproximada) quedarán reflectidas na ficha de catálogo do elemento, así como na documentación histórica.

Gravado histórico de Punta Herminia / O Altar / Monte dos Bicos, GA15030008. Delimítanse os límites visibles no afloramento no que se atopan os gravados máis o seu perímetro inmediato (posto que poderían existirían existir gravados hoxe en día tapados pola capa superficial do terreo). Para evitar problemas de identificación, divídese o afloramento entre esta delimitación e a dos gravados de Pena da Brúxula (GA15030019).

Gravado histórico de Pena da Brúxula, GA15030019. Tal e como se indicaba, recollerase o panel no que se sitúan os gravados, áreas visibles do afloramento máis próximas e perímetro inmediato.

Proposta de delimitación inicial para os gravados de Punta Herminia e Pena da Brúxula. A liña descontinua laranxa corresponde co ámbito do PEPRI

Sistema defensivo da Península da Torre, GA15030020. Delimítanse as cinco estruturas que compoñen o xacemento, as cales quedarán numeradas en cartografía como GA15030020-1 para o Castelo de San Amaro, GA15030020-2 para a batería de Adormideras, GA15030020-3 para a batería de Pradeiras, GA15030020-4 para a batería de Orzán e GA15030020-5 para a liña de trincheiras. Tal e como queda explicado de maneira pormenorizada na documentación histórica, así como na propia ficha de catálogo, as posicións aportadas teñen un carácter aproximativo cuxo fin principal é identificar aquelas áreas que poidan conter restos vinculados ás mesmas (nos casos nos que aínda se conserva a topografía orixinal), así como establecer unha visión de conxunto da distribución espacial deste ben.

Delimitacións propostas para os cinco elementos que compoñen o sistema defensivo da Torre (a partir de estudo documental). A liña descontinua laranxa corresponde co ámbito do PEPRI

Gravado histórico da península da Torre de Hércules 1, GA15030023. Gráfanse os límites visibles do afloramento no que se localizan os gravados, máis o seu contorno máis próximo.

Gravado histórico da península da Torre de Hércules 2, GA15030026. Delimítase a rocha sobre a que se atopan as insculturas xunto ao perímetro inmediato da mesma.



Delimitación inicial para os gravados históricos da península da Torre de Hércules 1 e 2. A liña descontinua laranxa corresponde co ámbito do PEPRI

Gravado histórico do Polvorín 2, RE15030014. Posto que nos atopamos ante un ben hoxe en día desaparecido/destruído, recóllese en planimetría unha posición aproximada do mesmo. A base para establecer tal localización son os datos aportados polo fillo do descubridor a finais do século XIX.



Posicións propostas para os gravados do Polvorín 1 e 2. A liña descontinua laranxa corresponde co ámbito do PEPRI

A raíz das delimitacións agora propostas para os xacementos, e tendo en conta a información obtida sobre o potencial arqueolóxico do subsolo no ámbito do PEPRI (véxase apartados 6.1 e 6.2), establécese agora unha primeira proposta de zonificación arqueolóxica para esa superficie.

A definición desta zonificación tamén ten como base as nomeadas como zonas core e buffer, determinadas a raíz da declaración da Torre de Hércules como patrimonio da humanidade, as cales poden ser entendidas como áreas de protección integral e contorno de protección do monumento. Así mesmo, tamén se teñen presentes os usos do solo agora establecidos nesta fase inicial de redacción do PEPRI.

Con estes datos de base, a superficie do ámbito do PEPRI divídese agora en dúas zonas arqueolóxicas, sobre as que se establece un primeiro bosquexo sobre as actuacións arqueolóxicas precisas en cada unha delas no caso de proxectarse obras con afección sobre o subsolo:

Zona A. A súa delimitación queda axustada á identificada como zona core establecida para a Torre de Hércules, na que só se contemplan actuacións de investigación, mantemento, conservación, consolidación e restauración. Posto que dentro desta área existen zonas urbanizadas plenamente consolidadas, proponse a inclusión das mesmas dentro da zona B.

No que atinxe á proposta arqueolóxica para esta zona A, establécese que no caso de que algunha das actuacións permitidas implique afeccións sobre o subsolo a súa autorización deberá pasar pola execución dunhas sondaxes valorativas previas. En todo caso, a modalidade da actuación arqueolóxica poderá adaptarse á entidade das obras programadas, a convir pola administración competente.

Zona B. Tomando como base os límites da área buffer, desenvólvese esta zona sobre a superficie do PEPRI xa transformada polos procesos urbanísticos. Acollerá tamén aqueles puntos que aínda que están situados dentro da área core xa se atopan plenamente modificados como é parte da senda ciclista ou o propio aparcadoiro situado ao pé da Torre de Hércules.

Con respecto ás condicionantes arqueolóxicas propostas para esta zona B, determínase que aquelas actuacións permitidas que teñan incidencia sobre o subsolo queden condicionadas á execución dun control arqueolóxico simultáneo ás mesmas.

De todos os xeitos, compre indicar que posto que dentro deste ámbito existen áreas nas que se constata a inexistencia de topografía orixinal do terreo (Monte Alto, punta do Orzán ou punta de Adormideras), poderá valorarse, xunto á administración competente, a súa exclusión da zonificación. En todo caso, tales decisións quedarán especificadas no correspondente anexo a esta memoria.



Proposta de zonificación arqueolóxica para o PEPRI cos ámbitos Core e Buffer como base

Proposta de zonificación arqueolóxica para o PEPRI sobre a base dos usos do solo inicialmente programados

6.4. Catálogo arqueolóxico do ámbito do PEPRI PE Q14 "Parque Torre de Hércules"

Denominación:	*Código Elemento:*	Coordenadas UTM (ETRS89)
Torre de Hércules	GA15030004	X: 548.070 Y: 4.803.845

Lugar:	Península da Torre	*Adscrición Cultural:*	Romana
Parroquia:	A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Arquitectura civil, sinal marítima

Descrición:

Construción cuxo orixe se sitúa, de maneira xeral, no século I a. C., sendo a súa aparencia actual, así como a do seu entorno, froito de modificacións substanciais ao longo dos séculos.

Queda emprazada a coñecida como Torre de Hércules (ou Faro Brigantium) na entrada do golfo Ártabro, sobre un outeiro rochoso denominado como Punta Eiras, dominando así o extremo occidental da península na que se asenta a cidade da Coruña.

Da construción primixenia romana apenas atopamos hoxe elementos no exterior da torre. Si se mantén a súa estrutura interna, nos tres primeiros andares, os cales estarían coroados por un corpo circular sobre o que se elevaría unha cúpula, sendo esta estancia dende a que se emitirían as sinais luminosas. O acceso aos diferentes andares realizaríase por medio dunha rampla-escaleira exterior, a cal ascendería polas catro fachadas da Torre. As dimensións baralladas para esta primeira construción sitúanse nos 31 m de alto e 9 m de lado.

O uso da edificación como sinal marítima continuaría ata o século IX, momento no que pasaría a ser empregada como fortaleza-castelo. O uso do conxunto volvería ser trocado entre os séculos XIV e XVI, pasando por torre de vixilancia e de sinais de aviso mediante bandeiras así como por atalaia defensiva e de avisos mediante farois de lume.

É a partir da metade do século XVI cando a aparencia do faro comeza a mudar, co desmantelamento do seu muro externo e da rampla-escaleira. A desmontaxe do acceso externo tería motivado a instalación dunha nova escaleira de madeira interna. No ano 1684 e coa autoría do duque de Uceda realízase unha renovación, ou reposición, das escaleiras de madeira internas para o acceso á cúspide da torre, na que ademais se instalan dous farois. Así, tense constancia de que a partir do ano 1684 a torre recupera a súa función de faro.

O aspecto actual da torre é o resultado da restauración acometida por Eustaquio Giannini no ano 1788. Durante a mesma mantéñense no interior os tres corpos de factura romana, aínda que modificándoos coa construción dunha nova escaleira interna en granito. Tamén se constrúe o corpo octogonal superior que sostén a actual lanterna (chamado sala circular ou sala Giannini), coa conseguinte destrución do remate romano. Así, na actualidade a torre presenta unhas dimensións de 55 m de altura e 11,75 m de lado.

A última gran modificación deste espazo estivo vinculada á pavimentación da plataforma da torre, construíndose ademais o edículo que salvagarda a inscrición fundacional.

Queda emprazada a inscrición fundacional ao pé da torre, sendo executada sobre a propia rocha natural a escasos metros ao SSO. O texto grafado: MARTI/AUG(USTO) SACR(UM) / G(AIUS) SEVIUS/ LUPUS / ARCHITECTUS/ AEMINIENSIS/ LUSITANUS ES VO(TO), corresponde coa inscrición votiva que o aceptado hoxe en día como arquitecto da construción, Caio Sevio Lupo, consagrou ao deus Marte Augusto.

Como fitos salientables no recoñecemento da Torre de Hércules compre indicar a declaración como monumento Histórico Artístico o 3 de xuño de 1931, a denominación como Ben de Interese Cultural trala aprobación da lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Artístico e a súa inclusión na lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO en xuño de 2009.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Bo	Na actualidade o ben presenta un bo estado de conservación resultado das diferentes actuacións desenvoltas sobre o mesmo.

Vista xeral da Torre de Hércules. Tomada dende L.

Detalle do edículo que salvagarda a inscrición votiva. Tomado dende SL.



Delimitación da Torre de Hércules sobre cartografía BTG20

Denominación: **Gravado histórico do Polvorín 1**	*Código Elemento:* GA15030005	Coordenadas UTM (ETRS89) X: 548.061 Y: 4.803.325
Lugar: O Polvorín/Monte Alto (museo arqueolóxico)	*Adscrición Cultural:* Medieval / Moderna	
Parroquia: A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:* Lugar con representación gráfica, gravado histórico	

Descrición:

Petróglifo descuberto no ano 1895-1897 D. Francisco Mª de la Iglesia, na contorna do polvorín existente naquel momento en Monte Alto. O uso como canteira desa zona motivou a extracción do panel vertical no que se situaban os gravados, nos anos 60 do s. XX, partíndoo en dous bloques e trasladándoo ó castelo de San Antón, actual Museo Arqueolóxico da Coruña. Os gravados están actualmente nos seus xardíns exteriores.
O bloque principal que recolle os gravados do Polvorín 1 presenta unha forma tendente a cuadrangular, cunhas dimensións máximas de 170 cm de longo, 134-150 cm de ancho e 45-55 cm de grosor do bloque extraído.
As insculturas distribúense pola maior parte da súa cara superior, aínda que se aprecia unha franxa libre na súa banda SL (tendo en conta a actual posición do panel). O motivo que máis se repite é o da cruz, habendo como mínimo dezaoito, todas elas latinas. A maioría presenta peana na súa base de forma cuadrangular, e pequenos trazos transversais no remate dos tres brazos. Cando menos dúas delas se atopan inscritas nun círculo. Ademais dalgúns trazos soltos completa a composición o que semella ser unha figura zoomorfa, situada na área S (con respecto á posición actual do bloque). As dimensións máximas das cruces oscilan entre os 9-26 cm de longo e os 8-19 cm de ancho, mentres que para o zoomorfo as dimensións máximas sitúanse nos 22x14 cm, aproximadamente.
A visualización dos motivos presenta abondosas complicacións, feito agraviado pola existencia de líquenes sobre o bloque.
Como se citaba con anterioridade, no mesmo emprazamento hai un segundo bloque que formaría parte do panel orixinal. De forma rectangular, as súas dimensións máximas son de 200 cm de longo, 40 cm de ancho e 38-40 cm de grosor do bloque extraído.
As insculturas que se reparten por este segundo bloque: cruces latinas, non son visibles na actualidade, debido á erosión da rocha e sobre todo á abundante presencia de líquenes.
Actualmente, unha boa parte dos investigadores apunta unha cronoloxía medieval para os gravados, se ben créese convinte apuntar tamén unha posible adscrición moderna, tendo en conta a tipoloxía dos motivos.
O emprazamento do ben queda recollido en planimetría por medio dun punto, no lugar orixinal de localización, debendo terse en conta que os gravados quedan situados nos xardíns do castelo de San Antón.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Malo	Extraído do seu lugar orixinal de emprazamento e dividido en dous bloques graníticos. Os motivos apenas son visibles dada a erosión natural da rocha e a abundante presencia de líquenes.

Bloque principal no que se distribúen os gravados do Polvorín 1. Vista dende SL

Vista xeral do segundo bloque dos gravados Polvorín 1. Tomada dende L

Posición aproximada establecida para o gravado do Polvorín 1, sobre cartografía BTG

Denominación: **Gravado histórico de Punta Herminia / O Altar / Petróglifo do Monte dos Bicos**	*Código Elemento:* GA15030008	Coordenadas UTM (ETRS89) X: 548.685 Y: 4.804.037

Lugar:	Península da Torre	*Adscrición Cultural:*	Medieval/Moderno
Parroquia:	A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Lugar con representación gráfica, gravado histórico

Descrición:

Gravado descuberto no ano 1895 por D. Alfredo Mª de la Iglesia na paraxe de Punta Herminia. Comparte afloramento co gravado de Pena da Brúxula, o cal queda emprazado a uns 19,6 m ao LNL.

As insculturas localízanse nun panel case vertical, no extremo SO dun afloramento granítico. As medidas máximas do afloramento actualmente visible son de 13,85 m no eixo NO-SL e 9,5 m no eixo NL-SO, mentres que as dimensións do propio panel sitúanse nos 0,9-1 m de altura e 5,60 m de longo (orientación NO-SL).

Os gravados distribúense por toda a superficie do panel, sendo o motivo principal as cruces latinas. Varías delas atópanse inscritas por un círculo (ou trazo tendente ao círculo), tanto individual como colectivamente. Algúns dos cruciformes presentan peana redondeada na súa base, sendo anecdóticos os motivos con pequenos trazos transversais no remate dos brazos. Tamén hai grafados trazos rectilíneos, algúns a modo de retícula, e o que podería corresponder con algúns antropomorfos e un zoomorfo. As dimensións medias dos gravados son difíciles de aportar, dada a dificultade actual para distinguir con precisión os trazos. Tales dificultades veñen motivadas pola erosión dos gravados e pola presencia de abondosos ocos na rocha, de pequeno tamaño, producidos polos impactos de bala durante o uso da zona como campo de tiro (área baixo xurisdición militar).

No que atinxe á súa cronoloxía, boa parte dos investigadores apuntan a un momento de factura en época medieval. Sen embargo, créese convinte apuntar tamén a un posible momento de execución dos gravados en época moderna, dada a morfoloxía dos mesmos e as súas temáticas.

Na actualidade os gravados, xunto ós da Pena da Brúxula (GA15030019), atópase sinalizado con carteis identificativos. Este feito permite un claro recoñecemento do panel.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Regular	Os gravados atópanse moi erosionados, con presencia de líquenes e afectados por abondosos ocos de impacto de balas, producidos cando os terreos de punta Herminia pertencían á xurisdición militar.

Vistas xerais do panel no que se localizan os gravados de Punta Herminia. Tomadas dende o e SO



Delimitación dos gravados de Punta Herminia e Pena da Brúxula sobre cartografía BTG

Denominación: **Gravado histórico de Pena da Brúxula**	*Código Elemento:* GA15030019	Coordenadas UTM (ETRS89) X: 548.697 Y: 4.804.035

Lugar:	Península da Torre	*Adscrición Cultural:*	Medieval / Moderno
Parroquia:	A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Lugar con representación gráfica, gravado histórico

Descrición:

Gravados descubertos no ano 1895 por D. Alfredo Mª de la Iglesia na paraxe de Punta Herminia, quedando emprazado a 19,6 m ó OSO dos gravados de Punta Hermina/O Altar/Monte dos Bicos (GA15030008).
Corresponde cun afloramento granítico a ras de chan, cunhas dimensións máximas de 9 m no eixo NO-SL e 3,8 m no eixo NL-SO. Os gravados actualmente visibles distribúense polo perímetro O, N e NL da rocha. Todos eles semellan corresponder con cruces, contabilizándose así un total de oito, varias delas con peana na súa base e con pequenos trazos transversais no remate dos brazos. Tan só unha delas atópase inscrita por un trazo que recorda a unha lágrima. As dimensións das formas grafadas oscilan entre os 35-22 m de longo e 24-13 m de ancho.
Compre apuntar á posibilidade de que existan outras insculturas tapadas pola capa superficial do terreo na banda SL do panel, en base á comparativa cos croquis realizados en 1897 por D. Santiago de la Iglesia.
A cronoloxía que se apunta de maneira xeral para o panel volve ser medieval, tendo como base a establecida para os petróglifos do Polvorín (GA15030005) e de Punta Herminia (GA15030008). Sen embargo, considerase convinte apuntar a unha posible factura máis actual, xa en época moderna.
Na actualidade o petróglifo, xunto ó de punta Herminia, atópase sinalizado con carteis identificativos. Este feito permite un claro recoñecemento dos mesmos.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Regular	A visualización dos motivos presenta certas dificultadas ao atoparse bastante erosionados.

Vistas xerais do panel no que se localizan os gravados de Pena da Brúxula. Tomadas dende NNO e SO



Delimitación dos gravados de Pena da Brúxula e Punta Herminia sobre cartografía BTG

Denominación: **Sistema defensivo da Península da Torre**	*Código Elemento:* GA15030020	Coordenadas UTM (ETRS89) Y: 548.633 Y: 4.803.882
Lugar: Península da Torre	*Adscrición Cultural:*	Moderna
Parroquia: A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Asentamento fortificado, outro / estrutura defensiva

Descrición:

Sistema defensivo composto estruturas de diferentes tipoloxías: castelo, baterías e trincheiras, as cales estarían distribuídas por toda a liña de costa da península da Torre. Quedan identificadas estas como:

1. Castelo de San Amaro
2. Batería de Adormideras (ou Dormideiras)
3. Batería de Pradeiras (ou Pragueiras)
4. Batería de Orzán
5. Trincheiras

No que atinxe a súa cronoloxía, pódense encadrar de maneira xeral nos séculos XVII-XVIII, se ben non se pode descartar que algún dos elementos fosen construídos con anterioridade.

Na actualidade, non se atopan vestixios en superficie de ningunha destas estruturas que comporían o sistema defensivo, sen embargo a súa existencia queda debidamente atestiguada na documentación histórica. Neste sentido, a comparativa entre abondosas planimetrías datadas entre os séculos XVIII e XX permite identificar a localización aproximada de todas elas, así como a súa morfoloxía, podéndose corroborar nalgúns dos casos a través da fotografía aérea de 1946. Por tal motivo, a representación gráfica aportada para cada unha destas defensas nesta documentación ten un carácter hipotético e aproximativo, cuxo fin principal é presentar unha visión xeral do xa desmantelado sistema defensivo da península da Torre, así como identificar as zonas que poderían conter vestixios no subsolo vinculados ás mesmas (nos casos en que aínda se mantén a topografía orixinal).

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Destruído	Na actualidade non quedan vestixios en superficie de ningunha das defensas que comporían este sistema defensivo.

Panorámica da área de emprazamento da Batería de Pradeiras, así como do posible trazado da liña de trincheiras. Vista dende OSO



Distribución (hipotética) das estruturas do sistema defensivo da península da Torre sobre cartografía BTG

Denominación: **Gravado histórico da península da Torre de Hércules 1**	*Código Elemento:* GA15030023	Coordenadas UTM (ETRS89) X: 548.425 Y: 4.803.890

Lugar:	Península da Torre	*Adscrición Cultural:*	Moderna/Contemporánea
Parroquia:	A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Lugar con representación gráfica, gravado histórico

Descrición:

Gravado localizado no extremo NO dun afloramento rochoso, o cal presenta certas zonas tapadas pola capa superficial do terreo. Así, as dimensións visibles do citado afloramento son de 7,2 m no eixo NL-SO e 9,5 m no eixo NO-SL, mentres que as do panel que contén os gravados son de 0,8 m en sentido NNL-SSO e 0,45 m en sentido NNO-SSL.
Os motivos están grafados no extremo do panel, onde se pode observar a inscrición REUE ou RCEU, baixo a cal se dispoñen o que poden ser interpretadas como duas cruces. Unha delas semella ter pequenos trazos transversais nos seus brazos curtos, o que lle da un aspecto de forma de tridente.Tampouco se pode descartar que esa forma foxe a idea oxinal e así plasmada polo gravador. As dimensións totais do conxunto dos gravados e de 0,12 m de longo (sentido NNL-SSO) e 0,08-0,09 m de ancho (sentido LSL-ONO)
A proposta actual, en base ao pronunciado dos sucos, con sección en "V", así como á finura dos trazos, é que nos atopamos ante un gravado executado en épocas recentes: moderno/contemporáneo.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Bo	Os gravados presenta en xeral unhas boas condicións de visibilidade, favorecidas polo pronunciado dos seus sucos.

Detalle do panel no que se localizan os gravados da península da Torre de Hércules 1 e vista xeral do afloramento. Tomadas dende NL e ONO



Delimitación dos gravados dea península da Torre de Hércules 1 sobre cartografía BTG

Denominación: **Gravado histórico da península da Torre de Hércules 2**	*Código Elemento:* GA15030026	Coordenadas UTM (ETRS89) X: 548.360 Y: 4.803.986

Lugar:	Península da Torre	*Adscrición Cultural:*	Moderna/Contemporánea
Parroquia:	A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Lugar con representación gráfica, gravado histórico

Descrición:

Gravado localizado nunha pequena rocha alombada a ras de chan, situada a 110 m ao NO do gravado histórico da Torre de Hércules I (GA15030023) e a escasa distancia da liña de costa. As dimensións do soporte, actualmente visibles, son de 55-60 cm en sentido ENE-OSO e 35 cm en sentido NNO-SSE.
As insculturas corresponden con varios alfabetiformes, trazos soltos e o que semella ser unha áncora. Na que podemos identificar como liña superior e seguindo o eixo maior da rocha aparecen grafadas unha A, de 11x9 cm, a referida áncora, de 13x9 cm e unha profundidad de suco de 1,5-2 cm, e algúns trazos soltos. Na liña inferior identifícanse as letras MA, cunhas dimensións en conxunto de 9x13 cm.
O pronunciado dos sucos, con sección en "V", así como a propia tipoloxía das insculturas, fai que se propoña unha cronoloxía moderna/contemporánea para os gravados. A súa posición na liña de costa podería corresponder con algunha sinal de término marítimo.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Regular	Presencia de líquenes sobre o soporte, os cales dificultan a visión dos gravados.

Vista xeral e detalle da rocha na que se sitúan os gravados da península da Torre de Hércules 2. Tomadas dende L e NO



Delimitación dos gravados dea península da Torre de Hércules 2 sobre cartografía BTG

Denominación: **Petróglifo do Polvorín 2**	*Código Elemento:* RE15030014	Coordenadas UTM (ETRS89) X: 547.872 Y: 4.803.518
Lugar: Monte Alto / O Polvorín	*Adscrición Cultural:*	Medieval / Moderna
Parroquia: A Coruña	*Adscrición Tipolóxica:*	Lugar con representación gráfica, gravado histórico

Descrición:

Os únicos datos dos que dispomos son os aportados polo descubridor, D. Francisco Mª de la Iglesia, e o seu fillo (D. Santiago de la Iglesia) a finais do século XIX. Segundo o plano e croquis recollidos no manuscrito de Santiago de la Iglesia de 1897, os gravados situaríanse ao carón, polo SL, do antigo polvorín emprazado na paraxe de Monte Alto.
As insculturas consistirían en dúas cruces latinas, unha delas con peana circular, e a segunda con trazos transversais no remate dos brazos. Completarían a composición tres puntos.
De novo, a cronoloxía que se baralla de maneira xeral encádrase en época medieval, se ben faise fincapé de novo nunha posible adscrición moderna.

Estado de Conservación:	*Alteracións observadas:*
Destruído/Desaparecido	



Punto aproximado de localización dos gravados do Polvorín 2 sobre cartografía BTG

7. CONCLUSIÓNS

Coa execución da intervención arqueolóxica actual pretendíase cumprir cos requisitos culturais específicos e necesarios dentro da redacción do "Plan Especial de Protección y Reforma Interior do PE Q14 "Parque da Torre de Hércules" (A Coruña)" que nestes momentos se está a desenvolver.

O presente documento, entendido como Informe parcial e Memoria Técnica dos traballos realizados ata o momento, recolle os resultados obtidos coa posta en práctica das tarefas arqueolóxicas especificadas, servindo para referendar as bases de esta intervención. Así, posto que a documentación do PEPRI aínda se atopa en fase de desenvolvemento, as cuestións específicas que aínda quedan por concretar no eido arqueolóxico, así como todas as addendas que sobre este documento se poidan realizar, serán obxecto dun anexo a esta memoria para a súa remisión á DXPC.

A evolución do conxunto de actividades executadas ata o momento pode esquematizarse, a modo de resume final, en base aos seguintes aspectos:

Prospección arqueolóxica: a revisión dende unha óptica arqueolóxica da superficie delimitada para o PEPRI foi executada de forma satisfactoria, adaptándose ás propias condicionantes da zona. No desenvolvemento de tales traballos foi crucial a documentación arqueo-histórica previa, a cal permitiu contar con unha base de datos axeitada para a execución da actuación en campo.

Investigación arqueo-histórica: a consulta das fichas históricas de inventario da DXPC, obras xerais e de divulgación, así como de abondosas planimetrías permitiu a recompilación de abondosa información sobre a área obxecto dos traballos, así como dos elementos arqueolóxicos que nela se atopan. Tal fase de documentación erixiuse como fundamental para a posterior actividade prospectora así como para a redacción da presente memoria de resultados.

Catálogo da intervención: os datos iniciais apuntaban a existencia de cinco elementos catalogados dentro do ámbito agora delimitado para o PEPRI. As consultas realizadas permitían incorporar dous elementos a maiores, pasando así a estar conformado o catálogo inicial da intervención por seis xacementos e unha referencia. Os traballos arqueolóxicos executados non permiten engrosar esta lista, se ben as actuacións desenvolvidas en campo supuxeron a separación dos dous paneis identificados inicialmente como gravados da península da Torre de Hércules (GA15030023), quedando agora identificados como gravados da península da Torre de Hércules 1 e 2 (GA15030023-026). A segunda modificación incorporada corresponde coa denominación que agora se establece para os diferentes emprazamentos con representacións gráficas ao aire libre, nos cales trócase o nome de petróglifo por gravado histórico (medida consensuada co técnico da xefatura territorial). Con tales características, o catálogo redactado para o PEPRI queda composto por un total de 8 elementos: Torre de Hércules (GA15030004), gravados históricos do Polvorín 1 (GA15030005), gravados históricos de Punta Herminia (GA15030008), gravados de Pena da Brúxula (GA15030019), sistema defensivo da península da Torre (GA15030020), gravados históricos da península da Torre de Hércules 1 e 2 (GA15030023-026) e gravados históricos do Polvorín 2 (RE15030014).

Zonificación arqueolóxica: recóllese na presente memoria unha primeira proposta de zonificación arqueolóxica para a protección dos diferentes elementos do catálogo así como do subsolo da zona. Posto que a redacción do PEPRI aínda se atopa nunha fase inicial, será incorporada ao futuro anexo a esta memoria toda a documentación no que atinxe a normativa e establecemento de áreas e grados de protección.

Recuperación de materiais: non se documentaron restos mobles de contido ou significación arqueolóxica durante a presente intervención.

CABALEIRO VILA ANDREA - 15491314D

Firmado digitalmente por CABALEIRO VILA ANDREA - 15491314D
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-15491314D, givenName=ANDREA, sn=CABALEIRO VILA, cn=CABALEIRO VILA ANDREA - 15491314D
Fecha: 2023.12.22 10:24:46 +01'00'

Asdo.: ANDREA CABALEIRO VILA
Arqueóloga – DOA SC

8. ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Figura 1. Ámbito da actuación: Situación xeral e límites da actuación
Fontes: IGN (MTN 25000)
Escalas representadas: 1:50.000 e 1:10.000

Figura 2. Resultados da Actuación: Delimitación dos elementos catalogados dento do ámbito do PEPRI
Fontes: Xunta de Galicia (I.E.T.): BTG2020. DOA SC
Escala representada: 1:4.500

Figura 3. Resultados da Actuación: Detalle das delimitacións dos elementos catalogados (follas 1 a 4)
Fontes: Xunta de Galicia (I.E.T.): BTG2020. DOA SC
Escala representada: 1:2.000

Figura 4. Resultados da Actuación: Distribución das intervencións arqueolóxicas executadas no ámbito do PEPRI (información inicial)
Fontes: Xunta de Galicia (I.E.T.): PNOA2020 / MDT. DOA SC
Escala representada: 1:4.000

Figura 5. Resultados da Actuación: Proposta de zonificación arqueolóxica
Fontes: Xunta de Galicia (I.E.T.): PNOA2020. DOA SC
Escala representada: 1:4.500

Figura 6. Resultados da Actuación: Proposta de zonificación arqueolóxica coa base dos usos do solo (fase borrador)
Fontes: Xunta de Galicia (I.E.T.): PNOA2020. DOA SC. ALFONSO BOTANA S.L.
Escala representada: 1:5.000

PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Plano 1:* 1:50.000 *Plano 2:* 1:10.000	01	**ÁMBITO DE ACTUACIÓN: SITUACIÓN XERAL E LÍMITES DA ACTUACIÓN**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				



PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:4.500 *Gráfica:* 0 12,5 25 50 75 100 125 Metros	02	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS DENTRO DO ÁMBITO DO PEPRI**
	CONCELLO:	AUTORIZACIÓN DXPC:	DOCUMENTO:	DATA:				
	A CORUÑA	CT 102A 2023/308-0	MEMORIA TÉCNICA	DECEMBRO 2023				



PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:2.000 *Gráfica:* 0 5 10 20 30 40 50 Metros	03 Folla 1 de 4	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: DETALLE DAS DELIMITACIÓNS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				



PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:2.000 *Gráfica:* 0 5 10 20 30 40 50 Metros	03 Folla 2 de 4	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: DETALLE DAS DELIMITACIÓNS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				



PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:2.000 *Gráfica:* 0 5 10 20 30 40 50 Metros	03 Folla 3 de 4	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: DETALLE DAS DELIMITACIÓNS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				



PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:2.000 *Gráfica:* 0 5 10 20 30 40 50 Metros	03 Folla 4 de 4	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: DETALLE DAS DELIMITACIÓNS DOS ELEMENTOS CATALOGADOS**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				

PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:4.000 *Gráfica:* 0 12,5 25 50 75 100 125 Metros	04	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: DISTRIBUCIÓN DAS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EXECUTADAS DENTRO DO ÁMBITO DO PEPRI (información inicial)**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				

PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:4.500 *Gráfica:* 0 12,525 50 75 100 125 Metros	05	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				

PROXECTO:	SITUACIÓN:	ADXUDICATARIA:	INTERVENCIÓN:	DIRECCIÓN:	EXECUTA:	ESCALA:	Nº FIGURA:	TÍTULO:
Asistencia Técnica para a Redacción do **PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN Y REFORMA INTERIOR DEL PE Q14 "PARQUE TORRE DE HÉRCULES"**	Península da Torre de Hércules A CORUÑA	ALFONSO BOTANA S.L.	Prospección Arqueolóxica de superficie	Andrea Cabaleiro Vila	DOA SC Arqueólogos www.doaarqueologos.com	*Numérica:* 1:5.000 *Gráfica:* 0 15 30 60 90 120 150 Metros	06	**RESULTADOS DA ACTUACIÓN: PROPOSTA DE ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA COA BASE DOS USOS DO SOLO (fase borrador)**
	CONCELLO: A CORUÑA	AUTORIZACIÓN DXPC: CT 102A 2023/308-0	DOCUMENTO: MEMORIA TÉCNICA	DATA: DECEMBRO 2023				